



CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO
CONCELLO DE VIGO**

EXERCICIOS 2000-2001

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1. Obxectivos e alcance	1
1.2. Limitacións.....	1
1.3. Normativa reguladora.....	2
1.4. Presuposto, liquidación e conta xeral (exercicio 2001).....	4
2. ASPECTOS XERAIS.....	5
2.1. Indicadores	5
2.2. Análise orzamentaria e contable.....	6
2.3. Instrumentos reguladores do persoal ó servizo do Concello de Vigo.....	8
3. PLANTILLA, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.....	10
3.1. Plantilla e relación de postos de traballo.....	10
3.2. Oferta de emprego público.....	12
4. PERSOAL Ó SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL	13
4.1. Persoal eventual.....	13
4.2. Persoal funcionario.....	15
4.3. Persoal laboral	16
4.4. Retribucións	17
4.5. Anticipos, gratificacións, produtividade e indemnizacións por razón de servizo.....	26
4.6. Contratos de asistencia técnica	31
4.7. Incidencias tributarias e de seguridade social	34
5. CARGOS ELECTOS	35
5.1. Retribucións.....	35
5.2. Indemnizacións dos membros corporativos.....	36
5.3. Atencións protocolarias e representativas	37
6. PROCEDIMENTOS SELECTIVOS	39
7. CONCLUSIÓN.....	44
8. RECOMENDACIÓN.....	48
ANEXO.....	51
ALEGACIÓN PRESENTADAS POLO CONCELLO.....	55
RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓN.....	65

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Obxectivos e alcance

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución, en sesión celebrada o 16 de decembro de 2002, acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2003, a fiscalización da área de gastos de persoal correspondente ós exercicios 2000 e 2001 do Concello de Vigo (Pontevedra).

Os obxectivos de fiscalización consistiron en:

- Verificar que os gastos de persoal corresponden a persoal ó servizo da Entidade e que foron correctamente contabilizados.
- Analizar a correcta tramitación da oferta de emprego público e o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade nos procesos selectivos realizados polo Concello.
- Comprobar que as retribucións, indemnizacións por razón de servizo e demais gastos en materia de persoal axustáronse á normativa de aplicación.

O período temporal estendeuse a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos.

1.2. Limitacións

As probas realizadas víronse condicionadas polas seguintes limitacións:

- A Axencia Tributaria comunicou a existencia dunha débeda esixible ó Concello de Vigo en calidade de responsable tributario, sen expresar a natureza daquela nin a contía a que se elevaba.
- Non se aportou xustificación das diferencias existentes entre o número de funcionarios e persoal laboral que figuraba na plantilla dos exercicios fiscalizados (2000 e 2001) e o número de perceptores existentes en nómina a 31 de decembro de ámbolos dous exercicios.

1.3. Normativa reguladora

A normativa reguladora das materias obxecto de fiscalización, inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).
- Lei 9/1987, de 12 de xuño, de Órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das Administracións Públicas (LOR).
- Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas (LIFP).
- Lei 40/1998, de 9 de decembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas (LIRPF).
- Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (LOFCS).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRX e PAC).
- Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia (LFPG).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 54/1999, de 25 de decembro de Presupostos do Estado para o ano 2000.
- Lei 13/2000, de 28 de decembro de Presupostos do Estado para o ano 2001 (LOXE 2001).
- Lei 14/2000, de 29 de decembro de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.
- Lei 11/1960, de 12 de maio sobre creación da MUNPAL (DA 3ª e 4ª)
- Real Decreto-Lei, de 16 de decembro de 1929, sobre anticipo do

haber líquido dunha ou dúas mensualidades.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional (RXFHN).
- Real Decreto 236/1988, de 4 de marzo de indemnizacións por razón de servizo.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de presupostos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos para axustar o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración do Estado.
- Decreto 204/2000, de 21 de xullo polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de policía locais.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos presupostos das Entidades Locais.
- Instrución de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 17 de xullo de 1990.
- Resolución de Secretaría de Estado para Administración Pública de 27 de abril de 1995. Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, permisos, licencias e vacacións do persoal.

1.4. Presuposto, liquidación e conta xeral (exercicio 2001)

O presuposto inicial do Concello de Vigo ascendeu a 24.979.860.683 pesetas en 2001. O remanente de tesourería para gastos xerais aprobado polo Concello foi de 4.416.599.769 pesetas. O resultado orzamentario axustado aprobouse con superávit de 2.898.725.388 pesetas. Os estados de gastos e ingresos da liquidación do presuposto inclúense como Anexo I.

O presuposto de 2001 aprobouse definitivamente o 26 de febreiro de 2001, fóra do prazo establecido no artigo 150.2 da LRFL.

A liquidación do presuposto aprobouse mediante Decreto de 11 de febreiro de 2002. Remitiuse á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma o 4 de marzo de 2002, respectando o preceptuado no artigo 174.5 LRFL.

A conta xeral, integrada pola da propia entidade e os seus organismos autónomos, aprobouse o 29 de xullo de 2002 e remitiuse ó Consello de Contas de Galicia o día 17 de setembro de 2002 respectando o prazo establecido no artigo 204 LRFL.

2. ASPECTOS XERAIS

2.1. Indicadores

Coa finalidade de proporcionar unha información xenérica da situación do persoal do Concello, preséntanse os seguintes ratios e indicadores correspondentes ó exercicio 2001.

- a) Gasto de persoal:** Ascendeu a 7.083.178.317 pesetas, equivalente a 24.656 pesetas/habitante. No exercicio 2000 o gasto de persoal situouse en 23.524 pesetas/habitante, 29 puntos por debaixo da media española dos municipios deste tramo poboacional (máis de 50.000 habitantes) e 10 puntos porcentuais por debaixo da media galega.
- b) Índice de persoal funcionario e laboral fixo por mil habitantes:** 5
- c) Cualificación profesional:** a porcentaxe de postos reservados a titulados universitarios en relación ó total de prazas reservadas ó persoal funcionario e laboral fixo é 11.
- d) Grao de equipamento tecnolóxico:** Existe unha base de datos en permanente actualización comprensiva dos equipos informáticos existentes en cada servizo municipal. Este feito impide coñecer o número global e a adscrición concreta dos citados inmovilizados a finais do exercicio 2001. Facilitouse, non obstante, un listado dos equipos existentes nas distintas unidades a principios do exercicio 2004 que, ascendendo a 651 equipos, non permitía coñecer a súa atribución ós distintos tipos de persoal que presta servizos ó concello. Non se dispuxo, así mesmo, de información relativa ás conexións a Internet dispoñibles na entidade local.
- e) Taxa de absentismo laboral:** O departamento de informática elabora os informes relativos ó absentismo de persoal ó servizo do concello. Obtívose a información agregada por cada un dos servizos municipais correspondente ós exercicios 2000 e 2001, que se sintetiza para a totalidade dos mesmos no seguinte cadro:

Exercicio	Número de efectivos (1)	Baixas por enfermidade (días) (2)	Baixas por accidente (días) (3)	Total (4)=(2)+(3)	Días/periodo (5)	Período (6)=(1)*(5)	Absentismo (7)=(4)/(6)
2000	1.241	31.686	7.749	39.435	366	454.206	8,68%
2001	1.279	36.902	5.928	42.830	366	466.835	9,17%

f) Número de folgas no ano 2001: Non se facilitou información ó respecto, non computándose no cálculo dos ratios de absentismo.

g) Control horario: Implantouse no edificio municipal un sistema electrónico de control horario, verificándose a existencia de descontos como consecuencia do incumprimento do horario laboral.

h) Organización administrativa: Durante os exercicios 2000 e 2001, os postos de traballo de Secretaría, Intervención e Tesourería atopábanse ocupados por funcionarios con habilitación nacional.

2.2. Análise orzamentaria e contable

O presuposto inicial de gasto nos exercicios 2000 e 2001 exprésase no cadro seguinte. Nesta información ponse de manifesto que os créditos consignados no capítulo I “Gastos de Persoal” representan o 30% sobre o importe total do Presuposto en ámbolos dous exercicios. O incremento do capítulo I do exercicio 2001 con respecto ó 2000 é de 10%.

CAP.	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	Índice %	CRÉDITOS INICIAIS	Índice %
		2000		2001	
1	Gastos de persoal	6.717.641.068	30	7.412.713.491	30
2	G. en bens ctes. e servicios	9.044.497.544	40	9.286.469.387	37
3	Gastos financeiros	1.174.295.631	5	1.583.345.897	6
4	Transferencias correntes	1.720.351.493	8	2.045.396.393	8
6	Investimentos reais	1.567.482.050	7	1.799.532.536	7
7	Transferencias de capital	187.731.578	1	222.210.324	1
8	Activos financeiros	120.500.000	1	120.500.000	0,4
9	Pasivos financeiros	2.241.444.712	10	2.509.792.655	10
TOTAL		22.773.944.076	100	24.979.960.683	100

A estrutura do capítulo I do Orzamento de Gastos, a nivel de artigo, do exercicio 2001 é a seguinte:

Artigo	Créditos iniciales	Modificac.	Créditos definitivos	Obligaciones reconocidas	Pagos ordenados	Pagos líquidos	Órdenes Pendtes.
10. Altos Cargos	102.678.380	0	102.678.380	102.678.464	102.678.464	102.678.464	0
11. Persoal Gabinetes	83.234.630	- 880.535	82.354.095	82.218.094	82.218.094	82.218.094	0
12. Persoal funcionar	4.075.503.826	- 246.256.131	3.829.247.695	3.666.134.889	3.666.134.889	3.666.134.889	0
13. Persoal laboral	727.745.143	246.869.346	974.614.489	822.791.795	822.791.795	822.791.795	0
14. Outro persoal	204.000.000	130.214.042	334.214.042	273.441.609	273.441.609	273.441.609	0
15. Incentivo rendmto.	300.000.000	76.026.136	376.026.136	346.935.142	346.935.142	346.935.142	0
16. Cotas sociais	1.919.551.512	168.526.370	2.088.077.882	1.788.978.324	1.788.978.324	1.788.978.324	7.639.885
TOTAIS	7.412.713.491	372.142.328	7.787.212.719	7.083.178.317	7.083.178.317	7.083.178.317	7.639.885

- Os gastos do capítulo I representan o 25% e 28% dos créditos definitivos e das obrigas recoñecidas, respectivamente. O grao de execución do capítulo I (OR/CD) foi do 91%.
- Da conciliación entre a contabilidade financeira e orzamentaria non se puxo de manifesto incidencia ningunha.
- Detectouse a imputación de retribucións pagadas a persoal laboral a conceptos orzamentarios (tales como o 121, 150 e 151) ós que só se deben aplicar retribucións aboadas ó persoal funcionario. Así mesmo, se rexistraron indistintamente nos conceptos 150 e 151 as cantidades aboadas en concepto de produtividade e gratificacións por servizos extraordinarios. Incúmprese así a clasificación económica de gastos establecida na Orde de 20 de setembro de 1989.
- Verificouse que non existe a adecuada correlación entre os créditos consignados no concepto 121 (retribucións complementarias) do Presuposto de gastos, que ascenden a 2.364.579.641 pesetas, e a cantidade incluída en dito concepto no anexo de persoal por importe de 2.263.167.514 pesetas, incumpríndose o disposto no artigo 18.1 c) do RD 500/1990, de 20 de abril.
- Con obxecto de verificar o cumprimento dos límites establecidos no artigo 7 do RD 861/1986, realizase, tomando como base os créditos iniciais incluídos no Presuposto da entidade do exercicio 2001, o seguinte cálculo:

Descrición	Importe	Porcen taxe	Límite artigo 7 do RD 861/1986
Masa retributiva global (excluído persoal laboral)	4.274.091.699 ⁽¹⁾		
Retribucións básicas (-)	1.710.924.185		
Complemento de destino (-)	865.715.038		
Axudas familiares (-)	0		
Total	1.697.452.476		
Complemento específico	1.397.452.476	82%	75%
Productividade	140.000.000	8%	30%
Gratificacións	160.000.000	9%	10%

⁽¹⁾ Debido á incorrecta imputación ó concepto 121 de cantidades que non corresponden a retribucións complementarias de persoal funcionario, para determinar a masa retributiva global tívose en conta a cantidade consignada como retribucións complementarias no anexo de persoal (2.263.167.514 pesetas) excluíndose a diferenza existente entre dito importe e o consignado no concepto 121 do presuposto de gastos que ascende a 101.412.127 pesetas.

A cantidade destinada a complemento específico excede o límite máximo establecido no artigo 7.2 a) do RD 861/1986.

2.3. Instrumentos reguladores do persoal ó servizo do Concello de Vigo

O Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o 28 de decembro de 1998, aprobou dous instrumentos reguladores das condicións do persoal ó servizo da entidade: *Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos funcionarios* e *Convenio Colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello*. Dita aprobación efectuouse en trámite de urxencia, non se someteu a fiscalización previa nin foi precedida de informe xurídico.

Do estudo de ámbolos dous instrumentos detectáronse algunhas incidencias que se analizan nos apartados correspondentes do informe, podendo destacarse, entre outras, as seguintes:

- A regulación sobre anticipos reintegrables contida no artigo 24 conculca o disposto no Real Decreto Lei 2608/1929, de 16 de decembro, en canto ó importe que pode ser concedido así como o prazo máximo de reintegro dos mesmos (de 12 a 24 meses a elección do solicitante).
- O artigo 30 regula o Fondo de Acción Social dispoñendo a constitución dun fondo adicional por importe de 10.000.000 pesetas ó que se lle acumula a parte non consumida nun exercicio ó seguinte, para facer fronte a sucesos graves e extraordinarios (epígrafe 4.4).
- O artigo 32 dispón unha aportación municipal ó Plan de Pensións do persoal da plantilla cun tope máximo que se incrementará anualmente na mesma proporción que as retribucións segundo a LOXE (epígrafe 4.4).
- No artigo 33 establécense incentivos á xubilación anticipada de persoal funcionario, establecéndose unha indemnización por un importe que varía atendendo á idade na que se produza. Esta previsión incumpre as disposicións adicionais 3ª e 4ª da lei 11/1960.
- A disposición transitoria primeira dispón que en tanto non se aprobe a valoración de postos de traballo, aboarase unha paga única a conta do que resulte de dita valoración por importe de 100.000.000 pesetas que, antes de finalizar o ano 1998, será repartida linealmente entre todo o persoal de plantilla. Así mesmo, durante os exercicios 2000 a 2002 se continuará aboando dito importe repartido linealmente de diferente forma en cada exercicio. Esta previsión determinou o aboamento a todo o persoal de

plantilla dun concepto retributivo denominado “anticipo de valoración de postos de traballo” que carece de previsión no artigo 23 LMRFP, contravindo o disposto no artigo 93.2 LRBRL e 153 TRRL (epígrafe 4.4)

- A disposición transitoria 5ª establece que se continuará aboando con cargo ó complemento de produtividade circunstancias específicas do posto de traballo ata tanto non se inclúan no complemento específico a través da correspondente valoración de postos de traballo. Esta previsión contradice a finalidade legal que a dito concepto retributivo lle atribúe o artigo 5 do RD 861/1986 e 23.3 c) LMRFP.
- A disposición transitoria 6ª prevé unha serie de regras que rexerán a compensación dos excesos de xornada que se realizan en determinados servicios en tanto non se unifique a xornada anual. Esta regulación podería contravir a configuración que deste concepto retributivo se efectúa no artigo 6 do Rd 861/1986.
- A fixación no artigo 10 dunha xornada laboral común de 36 horas 15 minutos, inferior á establecida polo ordenamento xurídico, incumpre os artigos 94 LRBRL e 2 da Resolución de Secretaría de Estado para Administración Pública de 27 de abril de 1995.

3. PLANTILLA, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

O persoal ó servizo da Corporación durante os exercicios 2000 e 2001 reflíctese no cadro seguinte:

Descrición	Exercicio 2000			Exercicio 2001		
	Nº postos	Plantilla vacantes	Persoal que figura na nómina de decembro	Nº postos	Plantilla vacantes	Persoal que figura na nómina de decembro
Cargos con dedicación exclusiva			8			8
Cargos con dedicación parcial			4			4
Persoal eventual	18	0	18	19	1	19
Persoal funcionario	916	46	992	952	91	993
Persoal laboral fixo	379	4	231	374	3	233
Persoal laboral temporal	-----	-----	275	-----	-----	291
TOTAL	1313	50	1525	1345	95	1548

Os datos reflectidos no presente cadro resultan da comparación dos postos de traballo existentes na plantilla e os postos ocupados no mes de decembro segundo a información contida nos listados resumo de persoal en nómina de ámbolos dous exercicios.

Existen ademais 15 cargos electos que desenvolven o seu cargo sen dedicación exclusiva ou parcial, polo que o número total de efectivos no mes de decembro de 2000 ascende a 1.540 (1.525+15), e no mes de decembro de 2001 a 1.563 (1.548+15).

Tal como se pón de manifesto no cadro, a plantilla aprobada pola Corporación non reflicte a situación real de ocupación dos postos de traballo. Non se xustificou o exceso de 76 e 41 funcionarios que figuran en nómina en decembro dos exercicios 2000 e 2001, respectivamente, nin as diferencias existentes entre o número de perceptores en nómina en ámbolos dous exercicios como persoal laboral fixo que resulta inferior en 148 e 141 persoas, con respecto ó número de postos da plantilla.

3.1. Plantilla e relación de postos de traballo

A plantilla de persoal para o exercicio 2000 aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2000. Comprende

tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, de acordo co disposto no artigo 90.1 LRBRL. Na mesma sesión aprobouse a relación de postos de traballo para dito exercicio. Ámbolos dous documentos publicáronse integramente no BOP de 7 de novembro de 2000.

No exercicio 2001 a plantilla e relación de postos de traballo apróbanse en sesión plenaria de 26 de febreiro de 2001 e publicanse no BOP de 8 de xuño de 2001.

En ámbolos dous exercicios a publicación efectúase con posterioridade á do resumo do presuposto, incumpríndose a obriga de publicación conxunta esixida polo artigo 127 TRRL.

A RPT non reflicte o importe do complemento específico que corresponde a cada un dos postos, limitándose a identificalo cun número conformado por tres díxitos. Cada un destes códigos correspóndese cunha contía concreta, dita relación completa recóllese exclusivamente en documentos de carácter interno. Sen prexuízo de que os complementos específicos de cada posto de traballo se recollían no anexo de persoal que acompaña ó presuposto, de acordo co artigo 16 LMRFP as citadas contías deberían figurar na RPT garantíndose a publicidade das mesmas mediante a súa inserción no BOP.

Por outra parte, pese ó inicio dos traballos tendentes a súa elaboración, o Concello aínda non dispón dun estudo dos postos de traballo existentes na plantilla que permita valorar de forma obxectiva as retribucións complementarias asignadas a cada posto.

A plantilla do Organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) está integrada por 19 postos de traballo, dos cales 18 están vacantes. Sen embargo, na RPT do Concello figura unha sección VII denominada “Xerencia Municipal de Urbanismo” dotada con 66 postos de traballo, dos cales só un está vacante. De acordo co artigo 13 dos Estatutos de dito Organismo, o persoal municipal que se adscriba á Xerencia continuará figurando na plantilla e relación de postos de traballo do Concello, sen prexuízo da adscripción funcional a este organismo. Así mesmo, no apartado 2º do citado artigo establece que as retribucións do persoal adscrito á XMU serán percibidas con cargo ó presuposto da mesma. Sen embargo, a análise das liquidacións orzamentarias do Concello e da XMU correspondentes ó 2001 revela que ditas retribucións se imputan ó Presuposto do Concello, incumpríndose o disposto nos Estatutos e desvirtuando a natureza e contías reflectidas no capítulo I do organismo autónomo.

Das observacións que se fan constar na RPT de ámbolos dous exercicios, despréndese que a ocupación real dos postos de traballo non se axusta á configuración das prazas que figuran na plantilla de persoal. Así, no exercicio 2001, existen 110 postos reservados a funcionarios que están ocupados por persoal laboral e 104 postos de persoal laboral ocupados por funcionarios.

3.2. Oferta de emprego público

No ano 2000, a oferta de emprego público aprobouse mediante acordo da Comisión de Goberno de 18 de setembro de 2000 e publicouse no BOE de 8 de novembro de 2000. No 2001, a oferta aprobada mediante acordo da Comisión de Goberno de 21 de decembro de 2001, publicouse no BOE de 22 de febreiro de 2002.

En ámbolos dous exercicios, a aprobación e publicación no BOE realizouse incumprindo o prazo establecido no artigo 128 TRRL.

Detectouse a existencia de 4 prazas ocupadas por funcionarios interinos (repcionista e monitor do CEDRO, ordenanza do servizo de bibliotecas e enxeñeiro técnico de obras públicas) que non se incluíron na oferta de ningún dos exercicios fiscalizados. Este feito supón un incumprimento do artigo 246.3 LALG.

4. PERSOAL Ó SERVICIO DA ENTIDADE LOCAL

Seleccionouse una mostra de traballadores ó servicio da Corporación, analizando os expedientes persoais co fin de examinar a adecuación da súa selección á normativa aplicable, efectuando ademais un estudio do réxime retributivo mediante a análise dos conceptos percibidos sobre unha mostra de nóminas correspondentes ós exercicios 2000 e 2001.

Atendendo á clasificación funcional de gastos, a distribución do persoal a 31 de decembro de 2001 é a seguinte:

Categoría	GRUPO DE FUNCIÓN						
	Servicios de carácter xeral	Protección civil e seguridade cidadán	Seguridade, protección e promoción social	Producción de bens públicos de carácter social	Producción de bens de carácter económico	Regulación económica de carácter xeral	Regulación económica de sectores productivos
Persoal eventual	19						
Persoal funcionario	138	478	24	254	34	62	3
Persoal laboral fixo	61	10	5	119	17	21	0
Persoal laboral temporal	5	0	285	1	0	0	0
TOTAL	223	488	314	374	51	83	3

4.1. Persoal eventual

A determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, de acordo co artigo 104 LRBRL, corresponde ó Pleno da Corporación ó comezo do seu mandato. A estes efectos, en sesión plenaria celebrada o día 19 de xullo de 1999, acórdase a seguinte composición:

ALCALDÍA	<p>1 xefe de gabinete, coa retribución de 6.100.000 pesetas anuais</p> <p>1 xerente de Urbanismo, coa retribución que figuraba nos presupostos de 1999</p> <p>1 xerente do Instituto Municipal de Deportes con contrato de alta dirección e a retribución prevista nos presupostos de 1999</p>
GRUPOS POLÍTICOS: por cada 4 concelleiros ou fracción maior de 2, serán nomeados, a indicación do portavoz correspondente	<p>Un asesor con retribucións anuais iguais ás percepcións brutas do posto de traballo correspondente ó asistente social, revisables anualmente na mesma contía que a aplicable citada categoría laboral</p> <p>Un auxiliar administrativo coa mesma retribución que os auxiliares administrativos da plantilla municipal</p>

De acordo co número de concelleiros electos por cada grupo político, o anterior acordo autorizaba o nomeamento de 7 auxiliares administrativos e 7 asesores, os cales se fixeron efectivos ó longo dos exercicios correspondentes ó mandato. O Pleno municipal, en sesión do 30 de decembro de 1999, estimou parcialmente o recurso de reposición interposto polo único concelleiro pertencente ó Grupo Mixto, recoñecéndolle o dereito a dispoñer dun auxiliar administrativo.

Co fin de comprobar a adecuación á legalidade do réxime do persoal eventual, examinouse a documentación orzamentaria e contable relativa ó mesmo, así como os expedientes correspondentes ás persoas que ocupan ditos postos. Como consecuencia da análise efectuada puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

- Non se conforma un expediente individual para esta tipoloxía de persoal. Non se documentan en expediente as continxencias relativas a estas vinculacións, figurando exclusivamente na unidade de persoal os decretos relativos ó nomeamento e cese dos cargos eventuais.
- Concúlcase o requisito de publicación do nomeamento, retribucións e dedicación do persoal eventual consagrado no artigo 104.3 LRBRL. Se ben con data 3 de novembro de 2000 publícase no BOP un anuncio relativo ós nomeamentos e ceses de persoal eventual acaecidos desde o inicio do mandato, non se fan constar a totalidade dos mesmos así como os réximes retributivos e dedicación do persoal eventual. Non consta, así mesmo, o cumprimento do mencionado artigo no nomeamento, no primeiro trimestre do 2001, do asesor da alcaldía para o plan estratéxico.
- Detectáronse cinco supostos nos que os Decretos de nomeamento do persoal eventual produciron efectos con carácter retroactivo. Verificouse a alta en nómina de traballadores con anterioridade á data na que se dictaba pola alcaldía ó respectivo Decreto. Este feito demostra que o comezo na

prestación de servicios é anterior ó previo e preceptivo outorgamento do nomeamento, o que revela debilidades no control interno.

Cítase, entre outros, o caso dun auxiliar administrativo que por cobertura de baixa do titular fora nomeado no mes de agosto de 1999. Este traballador é novamente nomeado (agora como titular) por Decreto de 8 de febreiro de 2000, sen que medie previamente o seu cese e con efectos o 8 de setembro de 1999. Este nomeamento extemporáneo non convalida a situación irregular que suporía, durante os meses de setembro a novembro, o mantemento en nómina de dúas persoas contratadas para efectuar a substitución dunha única baixa, e de novembro a febreiro, a coexistencia do titular dunha praza e a persoa que inicialmente a substituíra. A relevancia deste suposto radica nas insuficiencias do control interno sobre a incorporación en nómina do persoal ó servizo do concello, toda vez que non existía impedimento legal para o mantemento dos tres auxiliares, dous coa condición de titulares e un cubrindo a baixa dun dos anteriores.

4.2. Persoal funcionario

Co fin de verificar o cumprimento dos principios constitucionais no acceso á función pública local, examináronse, con independencia da súa data de incorporación á entidade, os expedientes persoais relativos a unha mostra de 14 funcionarios que figuraban en nómina a 31 de decembro de 2000 e 2001. En nove dos expedientes analizados destacan as seguintes incidencias:

- Os expedientes obxecto de fiscalización atopábanse notoriamente incompletos, recolléndose de xeito parcial a información relativa a trienios devengados, baixas e adscricións ós postos de traballo.
- En 8 dos expedientes analizados verificouse que os traballadores ingresaron ó servizo da Corporación por medio de vínculos laborais temporais que foron obxecto de sucesivas prórrogas ata a celebración do proceso selectivo para o acceso á condición de funcionario de carreira. En 6 dos expedientes dito acceso efectuouse mediante concurso-oposición, incumpríndose, en dous dos mesmos, o disposto no artigo 2 do Rd 896/1991 que preceptúa que o ingreso na función pública local se realizará, con carácter xeral, a través do sistema de oposición.
- Noutro dos expedientes, verificouse a adquisición da condición de funcionario interino mediante concurso-oposición conculcándose o precepto anteriormente mencionado. A praza ocupada interinamente non se incluíu na oferta de emprego público dos exercicios fiscalizados, incumpríndose o

artigo 246.3 LALG. Pese a ser incluída na OEP de 2002 non consta a tramitación do proceso selectivo para a súa cobertura, contravíndose o artigo 5 Rd 896/1991.

- Habida conta da antigüidade dalgúns dos expedientes seleccionados (en 3 dos mesmos o acceso resultou ser anterior á promulgación da CE), nas relacións laborais previas á adquisición da condición de funcionario de carreira non consta a realización de procedementos de selección ningún.
- Empregouse o mecanismo de adscrición ós diferentes postos de traballo, incluso de superior categoría, en prexuízo da celebración do procedemento de concurso ou outros que garantan a necesaria concorrencia e obxectividade na promoción dos traballadores públicos.

4.3. Persoal laboral

Seleccionouse unha mostra integrada por 10 expedientes de persoal laboral fixo que figuraban en nómina a 31 de decembro de 2000 e 2001, analizándose o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ó emprego público. Como consecuencia da análise efectuada pódense efectuar as seguintes consideracións:

- De forma análoga ó expresado no epígrafe anterior, os expedientes non contiñan a totalidade da documentación relativa a continxencias tales como adscricións, baixas e trienios devengados.
- En oito dos expedientes analizados consta a existencia dunha relación laboral temporal ou administrativa, con carácter previo á condición de laboral fixo. En ningún deses expedientes consta a celebración dun proceso selectivo para acceder ó servizo da Corporación que garanta o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.
- O acceso á condición de laboral fixo efectuouse, en cinco dos expedientes, mediante concurso-oposición. Nun expediente non consta a tramitación de proceso selectivo. Noutros dous fáise referencia á celebración de probas de acceso sen que se mencione o sistema selectivo utilizado.
- Noutro expediente verificouse que, sen mediar proceso selectivo, se acordou a contratación temporal baixo a modalidade de obra ou servizo determinado. Tras sucesivas prórrogas, mediante acordo da Comisión de Goberno de 2 de abril de 2001, substitúese por un contrato de interinidade que se extinguirá coa cobertura regulamentaria de dito posto. Este cambio

de modalidade contractual efectuouse sen respecto ós principios que rexen o acceso a función pública, sen terse tramitado procedemento de selección ningún.

- Nun dos supostos analizados detectouse a existencia de adscricións provisionais a postos de traballo de categoría superior por medio de Decreto de alcaldía. Noutro caso efectuouse un traslado por medio dun procedemento interno de cobertura provisional no que non se contiñan os méritos valorables nin os baremos de selección, non se motivando a elección final do candidato.

4.4. Retribucións

O Concello de Vigo, en virtude dos artigos 20 e 21 do convenio colectivo equiparou o réxime retributivo do persoal funcionario e laboral polo que efectuamos a súa análise conxunta sobre una mostra integrada polas nóminas do mes de decembro de ámbolos exercicios correspondentes a 10 laborais e 14 funcionarios.

Como resultado do traballo efectuado pódense efectuar as seguintes consideracións:

- Verificouse a adecuación das cantidades percibidas en concepto de soldo e complemento de destino a LOXE, atendendo ó grupo de clasificación e nivel asignado a cada funcionario de conformidade cos datos que figuran na relación de postos de traballo.
- Con carácter xeral o incremento retributivo respectou o límite do 2% establecido na LOXE. Non obstante se verificou un incremento superior en determinados postos de traballo como consecuencia de adecuacións singulares que consistiron no incremento do nivel de complemento de destino correspondente a determinados postos (xefe e oficial da policía local) e do complemento específico e de destino do posto de Xefe de Relacións Cidadáns.

De acordo coa información facilitada, a modificación do posto de Xefe de Relacións Cidadáns responde ó pronunciamento xudicial contido na sentenza do TSXG de 12 de novembro de 1997. As outras adecuacións singulares non foron precedidas dunha valoración obxectiva incumpríndose o disposto no artigo 3.2 do RD 861/1986. Non obstante foron posteriormente refrendadas por sentenza do XCA nº 1 de Vigo de 26 de novembro de 2002.

- O importe das pagas extraordinarias percibidas nos meses de xuño e decembro excede a cantidade correspondente ás retribucións básicas incluíndo tamén o percibido en concepto de complemento de destino e específico. Este feito contravén o disposto nos artigos 23.2 C) LMRFP, 26.1 a) e 27.1 a) das LOXE para 2000 e 2001.
- Así mesmo, se detectou a imputación ó Capítulo I do Presuposto Municipal do exercicio 2001, das cantidades que se reflicten no seguinte cadro:

Concepto	Contía presupostada (pesetas)	Contía executada (pesetas)
Anticipo de valoración de postos de traballo	100.000.000	90.765.939
Complemento de pensións	45.000.000	41.504.410
Fondo Social	50.000.000	49.716.598
Fondo de Pensións	78.000.930	76.392.516

Analizado o soporte documental relativo ó aboamento de ditos conceptos puxéronse de manifesto as incidencias que se analizan nos seguintes apartados:

a) Anticipo de valoración de postos de traballo

De acordo coa previsión contida no Convenio Colectivo e Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal laboral e funcionario ó servizo do Concello, procedeuse á dotación anual da cantidade de 100.000.000 de pesetas en concepto de *anticipo a conta da valoración (a realizar) dos postos de traballo*. No exercicio 2001, a cantidade executada por este concepto ascende a 90.765.939 pesetas, sendo percibida en dous pagos, os correspondentes ás nóminas de xuño e decembro de 2001.

A Intervención municipal, no informe que acompaña á nómina do mes de marzo de 1999, poñía de manifesto que o Convenio Colectivo vixente a partir do 1 de xaneiro do mesmo ano fora aprobado en trámite de urxencia polo Pleno da Corporación, sen informe xurídico e sen sometemento ó trámite de fiscalización previa. Deste xeito, advertía, pese á Resolución da Alcaldía de 10 de marzo de 1999, pola que se ordenaba a execución do acordo adoptado, que

os anticipos a conta da valoración do posto de traballo non obedecían a concepto retributivo previsto na normativa reguladora, ampliando o contido da LOXE para 1999. Esta observación, que se reiterou na nómina de decembro de 1999, non se contiña xa na nómina correspondente a decembro de 2001.

O concepto retributivo satisfeito, lonxe de comprenderse nos autorizados polo artigo 23 da lei 30/1984, considérase ilegal, supoñendo unha vulneración dos límites establecidos polas leis orzamentarias estatais, cando establecen as porcentaxes máximas para o crecemento das retribucións anuais dos empregados públicos.

Transcorrido o termo fixado nos instrumentos reguladores das condicións de traballo do persoal municipal, procedeuse a súa consolidación no complemento específico dos traballadores municipais.

A percepción do anterior anticipo, así como a súa consolidación e posterior actualización xunto coas restantes retribucións, considéranse actuacións nulas de pleno dereito, sen prexuízo das responsabilidades que procederan.

b) Complemento de Pensións

A partida orzamentaria correspondente á clasificación económica 1610302 “Complemento de pensións”, presentaba no exercicio 2001 unha cantidade inicialmente presupostada de 45.000.000 pesetas, resultando definitivamente executada na contía de 41.504.410 pesetas.

Solicitados os soportes documentais do referido gasto, facilitáronse os seguintes Acordos Plenarios:

- Acordo do Pleno de 10 de maio de 1994, polo que se establece que con efectos a partir do 1 de xuño do mesmo ano, ós pensionistas do concello de Vigo xubilados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 1983 e o 31 de decembro de 1991 e que cobrasen unha pensión de xubilación inferior a 90.000 pesetas/mes, se lles complemente a súa contía ata ese importe. No mesmo acordo se dispoñía que pola Intervención se habilitase o crédito necesario para facer fronte ó gasto proposto que ascendía a 8.000.000 pesetas.
- Acordo do Pleno de 31 de agosto de 1994, polo que se establece que a todo o persoal funcionario xubilado no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 1991 e o 31 de decembro de 1995 se lles aboe a diferenza de pensión cun laboral da mesma categoría durante un período de 10

anos. No propio acordo disporíase que pola Intervención se prevesen nos presupostos anuais futuros as cantidades a consignar, a partir da inicialmente sinalada para este gasto plurianual, e que ascendía a 30.000.000 de pesetas no exercicio 1996.

No exercicio 1997, previo dictame favorable da Comisión informativa de Réxime Interior, someteuse ó acordo do Pleno a extensión deste complemento “graciable” de pensións a tódolos funcionarios municipais que trala súa xubilación percibisen da Tesourería Xeral da Seguridade Social un importe na súa pensión inferior ó que lle correspondería a un empregado laboral da mesma categoría e antigüidade ó servizo da Corporación. Non consta, da información subministrada, a aprobación plenaria da anterior medida proposta.

De acordo co anterior, a Intervención municipal “limitou a fiscalización ó aspecto orzamentario”, informando exclusivamente da existencia de crédito adecuado para os gastos propostos. Por outra banda, non consta a emisión de informe relativo á legalidade dos acordos plenarios adoptados.

Pois ben, de acordo coa DA 3ª e 4ª da lei 11/1960, os anteriores acordos reputaríanse incursos en suposto de nulidade de pleno dereito, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar, toda vez que *“as Corporacións Locais non poderán no sucesivo conceder aportacións, subvencións ou axudas de calquera xénero para fins de previsión dos seus funcionarios e obreiros de plantilla”*.

c) Fondo de acción social

Encóntrase regulado nos artigos 30 e 31 do Convenio Colectivo e Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello, desenvolto nos termos do Regulamento aprobado en sesión plenaria de 1 de marzo de 1999. Establecen os instrumentos reguladores citados un fondo anual de 40.000.000 pesetas, así como un adicional de 10.000.000 pesetas, *ó que se lle acumula a parte non consumida nun exercicio ó seguinte, para facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ó persoal do cadro ou a súa familia -cónxuxe e fillos- (art. 30)*.

Esta previsión podería contravir a normativa vixente ó instar un procedemento de incorporación de créditos que vulnera o artigo 156 LRFL, cando preceptúa que *os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non están afectos ó cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de*

pleno dereito. O Concello non incluíu nos orzamentos de 2001 a partida correspondente ó remanente do ano anterior, nin o incorporou ó fondo adicional de carácter extraordinario, tal e como recolle a sentenza de 26 de novembro de 2002 do Xulgado Contencioso- Administrativo nº 1 de Vigo. Non obstante, este Xulgado, estimando que nos instrumentos de negociación colectiva non se vulneraran os límites da autonomía negocial, declarou non axustados a dereito os anteriores orzamentos no referido a partida de fondo social, debendo incluír esta o remanente do exercicio anterior.

En termos similares pronunciábase a sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia, de 15 de maio de 2002, en relación co dereito á acumulación automática da parte adicional do fondo social no Instituto Municipal de Deportes.

Nos exercicios 2000 e 2001, a Comisión de Goberno aprobou a seguinte distribución dos créditos orzamentarios con destino ó fondo social:

- Axudas socio-sanitarias, por importe de 25.000.000 pesetas, destinada a cubrir os gastos de próteses, gafas e todo tipo de necesidades médicas da unidade familiar que non cubre a Seguridade Social.
- Axudas para estudos, por importe de 15.000.000 pesetas, destinadas a cubrir os gastos de todo tipo de garderías e estudos oficiais, tanto dos fillos solteiros como do propio traballador.
- Axudas extraordinarias, por importe de 10.000.000 pesetas, destinadas a afrontar sucesos graves e extraordinarios debidamente xustificadas.

A continuación expóñense as contías executadas nos exercicios 2000 e 2001 destacando as incidencias detectadas na análise dos expedientes:

EXERCICIO 2000

Natureza da axuda	Incidencias
<p>Axudas socio-sanitarias</p> <p>Contía presupostada: 25.000.000 pesetas</p> <p>Contía executada: 25.075.899 pesetas</p>	<p>Non se aportou a proposta de distribución destas axudas nin o Decreto da Alcaldía que as aproba, descoñecendo a natureza das axudas concedidas así como os seus beneficiarios.</p> <p>Supérase a cantidade presupostada inicialmente, polo que se está dispoñendo do fondo adicional establecido para sucesos de carácter extraordinario e grave, repartíndose por este concepto una contía maior á inicialmente autorizada</p>
<p>Axudas de estudos</p> <p>Contía presupostada: 15.000.000 pesetas</p> <p>Contía executada: 16.629.300 pesetas</p>	<p>De conformidade coa proposta da Unidade de Persoal, efectuada na base ó acordo da Comisión do Fondo Social, constan dous Decretos da Alcaldía aprobando as convocatorias 1ª e 2ª por importe global de 16.560.800 pesetas. Non se aportou xustificación da aprobación das 68.500 pesetas restantes.</p> <p>Excédese en 1.629.300 pesetas o importe aprobado para este tipo de axudas. Absórbese unha parte do fondo adicional extraordinario, destinándoo irregularmente e de forma inmotivada a cobertura de axudas de natureza ordinaria.</p> <p>Menciónase informe de Intervención sinalando a existencia de crédito.</p>
<p>Axudas extraordinarias</p> <p>Contía presupostada: 10.000.000 pesetas</p> <p>Contía executada: 4.445.000 pesetas</p>	<p>Consta exclusivamente a autorización da Comisión de Goberno do aboamento de axudas por importe de 3.095.000 pesetas a unha relación de perceptores. Non constan os motivos de percepción das mesmas. A Intervención municipal emite informe relativo a existencia de crédito.</p> <p>Non se aportou xustificación ningunha da concesión da diferenza, que ascendía a 1.350.000 pesetas.</p>
<p>TOTAL</p>	
<p>Contía presupostada: 50.000.000 pesetas</p>	
<p>Contía executada: 46.150.199 pesetas</p>	

EXERCICIO 2001

Natureza da axuda	Incidencias
Axudas socio-sanitarias	Excédese por un importe de 826.598 pesetas a cantidade inicialmente aprobada.
Contía presupostada: 25.000.000 pesetas	Unicamente existe constancia dos importes percibidos polos beneficiarios, descoñecéndose a natureza dos gastos financiados.
Contía executada: 25.826.598 pesetas	Por parte da Intervención municipal acredítase a existencia de crédito suficiente.
Axudas de estudos	Supérase a cantidade presupostada inicialmente en 2.988.000 pesetas. Esta parte estase absorbendo de forma irregular e sen motivación do fondo extraordinario.
Contía presupostada: 15.000.000 pesetas	No se aportou xustificación documental de axudas por importe de 190.500 pesetas, descoñecéndose os beneficiarios daquelas.
Contía executada: 17.988.000 pesetas	Por parte da Intervención municipal acredítase a existencia de crédito suficiente
Axudas extraordinarias	Só se aportou xustificación da aprobación do pago de axudas por importe de 2.492.000 pesetas. Descoñécense os beneficiarios e destino do importe restante, que ascende a 3.410.000 pesetas.
Contía presupostada: 10.000.000 pesetas	A Intervención Municipal informa a existencia de crédito.
Contía executada: 5.902.000 pesetas	Con cargo ó fondo extraordinario financiáronse irregularmente axudas socio-sanitarias e de estudos por importe de 3.814.598 pesetas. Estase utilizando un fondo de carácter extraordinario para a cobertura de axudas de natureza ordinaria. Por outra parte, descoñécense os gastos financiados coa cantidade invertida nesta axuda (5.902.000 pesetas)
TOTAL	
Contía presupostada: 50.000.000 pesetas	
Contía executada: 49.716.598 pesetas	

En relación coas actuacións de fiscalización do Fondo Social por parte da Intervención Xeral ó longo de 2000 e 2001, constatouse a existencia dun informe, con data de 8 de novembro de 2001, relativo a concesión de axudas de carácter extraordinario por importe de 2.492.000 pesetas. De acordo co mesmo, o expediente era obxecto de devolución ó órgano proponente do gasto, toda vez que non se acreditaban nin xustificaban as finalidades dos gastos a que obedecían as axudas propostas, o que a xuízo da Intervención impedía o exercicio da función fiscalizadora. Posteriormente, a técnico de benestar social, intervinente en calidade de asesora da comisión de Fondo social, emitiu un informe comprensivo da natureza dos gastos determinantes da concesión das axudas. As motivacións expostas aducen un carácter xenérico (p.e. *gastos sanitarios non cubertos pola Seguridade social na unidade familiar*), permitindo cuestionar o carácter extraordinario das axudas propostas, alcanzando a cobertura destas axudas a realización de gastos “non avaliáveis” (p.e. *gastos extraordinarios non avaliáveis por existencia de persoa minusválida na unidade familiar*).

Verificouse que as axudas satisfeitas por estudos, importe que ascendía no exercicio 2000 a 16.629.300 pesetas e a 17.988.000 pesetas no 2001, non se suxeitaron a tributación no Imposto da renda das persoas físicas, pese a configurarse como unha retribución dineraria adicional ás percibidas polos traballadores municipais (artigo 16.1 LIRPF), o que podería xerar continxencias de carácter fiscal.

d) Plan de Pensións e respecto ós límites retributivos establecidos polas leis de PXE:

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 29-07-1996, acordou adxudicar a CASER Ahorrovida Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A. a implantación e xestión dun Plan de Pensións para o Concello e os seus OO.AA. De acordo co prego de condicións, a contribución municipal cifrábase nunha cantidade idéntica á aportada polo traballador, cuns límites máximos e mínimos revisables mediante acordo do Pleno da Corporación. O acordo regulador e o convenio colectivo vixentes nos exercicios 2000-2001 recollían un límite máximo de aportación de 7000 e 2000 pesetas, respectivamente, a retribuír en 14 pagas actualizables na porcentaxe legal recollida nas leis de PXE. Tanto no exercicio no que se concerta o Plan como nos posteriores obxecto de fiscalización (2000 e 2001) resultaba contrario ó ordenamento xurídico a aportación de cantidades pola Administración a estes instrumentos de previsión social. Non obstante ó anterior, o novo marco legal, en particular o

RDL 1/2002 admite de forma expresa a posibilidade da promoción e realización de aportacións por parte das CC.LL. ós plans de pensións.

Non obstante, a aportación con cargo ó Orzamento do Concello de Vigo e os seus OO.AA. forma parte dos gastos de persoal, e está suxeita, en consecuencia, ós límites establecidos polas leis orzamentarias do Estado, devíndose inaplicables no caso de se producir a superación dos mesmos. Este respecto ós límites cuantitativos non se verificou ó longo dos exercicios fiscalizados, polo que se reputan ilegais as cantidades aportadas pola entidade municipal ó Plan de Pensións, tanto nos exercicios obxecto de fiscalización (2000 e 2001) como nos posteriores.

De acordo co anterior, as cantidades aportadas polo concello, que no exercicio 2001 ascenderon a 76.392.516 pesetas, configúranse como un concepto retributivo adicional que non se atopa entre os contemplados no artigo 23 da lei 30/1984.

e) Incidencias detectadas nas percepcións satisfeitas polos OOAA

Ó longo dos exercicios 2000 e 2001 verificouse a percepción, por parte de funcionarios pertencentes ó Concello de Vigo, de retribucións e indemnizacións con cargo ó presuposto dos OOAA dependentes daquel. Requirida a documentación xustificativa destas remuneracións, puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

OOAA	Percepcións
Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU)	Con efectos de 1 de febreiro de 1999, o Consello da Xerencia establece unha gratificación neta (despois de practicar a porcentaxe de retención correspondente a cada preceptor) de 50.000 pesetas/mes a favor dos funcionarios municipais que acumulen funcións de secretaria e intervención, en concepto de acumulación de funcións e por asesoramento e asistencia á Presidencia e ó Consello de Administración da XMU.
Vigo Zoo	Con efectos de 1 de xaneiro de 1999, o Consello do OOAA fixa unha gratificación neta de 40.000 pesetas/mes a favor dos funcionarios municipais que acumulen funcións de secretaria e intervención, por asesoramento e asistencia á Presidencia e ó Consello de Administración de Vigo Zoo.
Instituto municipal de Deportes (IMD)	Con efectos de 1 de xaneiro de 1999, o Consello do OOAA fixa unha gratificación neta de 40.000 pesetas/mes a favor dos funcionarios municipais que acumulen funcións de secretaria e intervención, por asesoramento e asistencia á Presidencia e ó Consello de Administración do IMD. Establécese unha dotación presupostaria para a atención de gastos devengados en concepto de dietas e demais indemnizacións por razón de servizo, cos seguintes límites: <ul style="list-style-type: none"> - Intervención e secretaria: 15 medias dietas /mes, con límite máximo de 40.000 pesetas/mes. - Persoal de dirección técnica: 15 medias dietas /mes, con límite máximo de 40.000 pesetas/mes. - Outro personal por traballos específicos, 75 medias dietas/año, con límite de 200.000 pesetas/año. - Persoal de administración contable/tesourería, 8 medias dietas/mes, con límite de 16.000 pesetas/mes
Univesidade Popular (UP)	Con efectos de 1 de xaneiro de 1999, o Consello do OOAA fixa unha gratificación neta de 50.000 pesetas/mes a favor dos funcionarios municipais que acumulen funcións de secretaria e intervención, por asesoramento e asistencia á Presidencia e ó Consello de Administración da UP.

- Á vista do exposto, e sen prexuízo da posibilidade de percepción de dietas e indemnizacións ó amparo do artigo 8 da lei 53/84, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas (LIFP), a percepción de remuneracións polos funcionarios municipais con cargo ós orzamentos dos OOAA infrinxe o disposto no artigo 1.2 da LIFP, que preceptúa a imposibilidade de percibir máis dunha remuneración con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas. Nos exercicios 2000 e 2001, as funcións acumuladas de intervención e secretaría realizáronse, nos catro OOAA, por funcionarios que percibían as súas retribucións principais do Concello. Así mesmo, en dous supostos, os mesmos funcionarios desenvolveron funcións acumuladas en dous organismos autónomos (e ata en tres, por período dun mes no 2000 e tres meses no 2001).
- No IMD detectouse a percepción periódica, nalgún caso con carácter adicional á gratificación que se establecía, de dietas de manutención, o que carece de amparo legal a teor do disposto no RD 236/1988.

4.5. Anticipos, gratificacións, produtividade e indemnizacións por razón de servizo

4.5.1 Anticipos

Realizouse unha análise dos anticipos reintegrables pagados no ano 2001. Como resultado da análise de seis expedientes e da regulación municipal dos anticipos, pónense de manifesto as seguintes incidencias:

- O artigo 24 do acordo e do convenio regulador das condicións dos traballadores ó servizo do Concello contempla o dereito a percibir como anticipo a cantidade de 150.000, 300.000 ou 500.000 pesetas que se devolverán en 12 ou 24 mensualidades.

Esta previsión contraven o disposto no Real Decreto Lei 2608/1929, de 16 de decembro, en canto ó importe (unha ou dúas mensualidades do seu haber líquido) e prazo de devolución dos anticipos (10 ou 14 mensualidades).

- En ningún dos expedientes se xustifican as necesidades que motivan a solicitude do anticipo, xa que se conceden con independencia da finalidade a que se destinen. Contravense o artigo 1 do mencionado Real decreto que

prevé o dereito á percepción de anticipos por parte dos funcionarios públicos cando o necesiten para atender *urxentes necesidades da súa vida*.

- Excepto nun dos expedientes, tramitado con carácter urxente, no que se acompaña o decreto do concelleiro delegado de Economía e Facenda, nos demais expedientes analizados non constan os acordos en virtude dos cales foron concedidos os anticipos. Non obstante, nos documentos contables ADO e P se contén unha referencia ó órgano de aprobación (*concelleiro delegado*) sen que conste a data do decreto de concesión.

4.5.2 Productividade e gratificacións por servicios extraordinarios

A cantidade consignada no orzamento do exercicio 2001 no artigo 15 (incentivos ó rendemento) ascendeu a 300.000.000 pesetas. Aprobáronse modificacións orzamentarias que incrementaron ditos créditos por importe de 76.026.136 pesetas. As obrigas recoñecidas ascenderon a 346.935.142 pesetas.

a) Productividade

Analizouse unha mostra das obrigas recoñecidas rexistradas no concepto 150 durante o exercicio 2001 por importe de 68.840.084 pesetas que representa un 43 % do total.

Como consecuencia da análise efectuada puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

- Abóase con cargo ó complemento de produtividade a toxicidade dos postos de traballo adscritos ó Servicio de Desinfección por manipulación de produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 17.302 pesetas/mes. A remuneración con cargo a este complemento non se axusta á configuración legal deste concepto retributivo que de acordo co artigo 5 Rd 861/1986 está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o funcionario desenvolve o seu traballo.
- No mes de agosto de 2001 aboouse ó persoal do servicio de extinción de incendios 16.756.273 pesetas en concepto de produtividade destinada a remunerar a actividade extraordinaria desenvolta durante o exercicio 2000 con motivo dos reforzos extraordinarios realizados fóra da súa xornada ordinaria.

Na proposta do concelleiro delegado fáise constar que estes servicios foron obxecto da correspondente gratificación económica segundo o valor da hora en exceso previsto na DT 6ª do acordo regulador vixente, polo que se podería ter duplicado o pago dos mencionados servicios. Ademais se incumpre o principio de anualidade orzamentaria previsto no artigo 157 LRFL.

- Ó abeiro da regulación municipal contida na disposición transitoria quinta e a instrucción terceira sobre plantilla e RPT, retribúense a través do complemento de produtividade condicións particulares dalgúns postos de traballo que, de conformidade co artigo 4 RD 861/1986 e 23.3. b) deberían se retribuír o través do complemento específico. Tendo en conta que os créditos destinados no presuposto de gastos ó complemento específico do persoal funcionario xa superan o límite establecido no artigo 7.2 a) do mencionado RD, con esta configuración do complemento de produtividade non só se desnaturaliza a súa finalidade legal senón que se vulnera dito precepto.

b) Gratificacións por servicios extraordinarios

O Concello de Vigo na Disposición Transitoria 6ª dos acordos reguladores das condicións económicas e sociais dos traballadores e na Instrucción 4ª sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobada para ámbolos dous exercicios, estableceu os servicios realizados que poden determinar o abono deste concepto retributivo. De acordo coa regulación municipal diferéncianse catro conceptos retributivos destinados a compensar os excesos realizados sobre a xornada normal de traballo con diferente denominación: “nocturnidade, festividade”, “gratificación servicios especiais (horas)”, “gratificación servicios extraordinarios”, “gratificación exceso xornada”.

A análise das gratificacións efectuouse sobre unha mostra das cantidades aboadas por este concepto retributivo durante cinco meses do exercicio 2001 por importe de 100.292.762 pesetas, que representan o 54% das obrigas recoñecidas imputadas ó subconcepto 151.

Como resultado do traballo efectuado poden destacarse as seguintes incidencias:

- O persoal do servicio de extinción de incendios percibe como compensación ás horas en exceso realizadas durante o ano, sen prexuízo da parte que se inclúe no complemento específico, unha cantidade mensual que oscila, en función da categoría do funcionario, entre as 37.322 pesetas dun bombeiro

e conductor bombeiro e as 49.560 pesetas que percibe un suboficial (cantidades que se incrementaron a partir de agosto do 2001, como consecuencia da sentenza nº 20/2001 do XCA de Vigo).

A través deste concepto retributivo estase remunerando mensualmente unha compensación polas horas en exceso sen que se acrediten as horas efectivamente realizadas. Non obstante, antes do remate do ano débense xustificar as horas en exceso mediante un informe do xefe do sector de seguridade conformado polo concelleiro delegado. O pago efectúase documentándose a través dunha relación do persoal ó que se lle asigna unha cantidade fixa mensual en virtude da instrucción mencionada e atendendo ás diferentes categorías. Esta asignación periódica vulnera o artigo 6 RD 861/1986 que dispón que as gratificacións non poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

- O apartado 3º da disposición transitoria 6ª do acordo regulador contempla o aboamento excepcional de gratificacións por servicios extraordinarios que excedan da xornada normal de traballo que se realizará cada cuatrimestre sempre que, transcorridos máis de 4 meses desde que se realizaron, non se poidan compensar con descanso por circunstancias extraordinarias.

Non obstante se verificou o abono nas nóminas de setembro e outubro de gratificacións por exceso de xornada correspondentes a xullo e agosto respectivamente, sen que transcorrera o prazo de catro meses previsto na DT 6ª.

- Con cargo a este concepto retributivo abóase coa denominación de *nocturnidade e festividade*, gratificacións consistentes nun recargo da hora traballada en período nocturno (156 ptas/h) e en sábados, domingos e festivos (391 ptas/h). As gratificacións pagadas por este concepto no exercicio 2001 ascenden a 101.701.534 pesetas. Da mostra analizada despréndese que se devengan cantidades con periodicidade mensual por este concepto que se perciben reiteradamente por persoal adscrito a determinados servicios como o de extinción de incendios e a policía local.

Este feito pon de manifesto que se trata de retribucións que non responden ó carácter excepcional propio das gratificacións por servicios extraordinarios vulnerándose o disposto nas sucesivas LOXE.

4.5.3 Indemnizacións por razón de servicio

Seleccionouse unha mostra integrada por indemnizacións por razón do servicio aboadas ó persoal ó servicio da corporación no exercicio 2001 que representa un alcance do 25% das obrigas recoñecidas imputadas ó artigo 23.

Da análise das indemnizacións rexistradas no concepto 230 (dietas) e 233 (asistencia a tribunais) non se puxeron de manifesto incidencias significativas.

Non obstante, da mostra de indemnizacións aboadas en concepto de gastos de locomoción, rexistradas no concepto 231, puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

- Con carácter xeral a documentación xustificativa dos gastos de locomoción intégrase pola orde de servicio, declaración do traballador (na que consta o servicio encomendado, itinerario, medio de locomoción e quilómetros realizados) e a certificación do cumprimento do servicio. Non obstante nalgúns casos (locomoción de persoal de conserxería correspondente ó 1º e 2º trimestre de 2001 ou do servicio de inspección de tributos do 2º trimestre de 2001) a xustificación consistiu nunha relación do persoal, asinada polos xefes respectivos, na que consta o período de realización do servicio e o importe a pagar sen que conste o detalle do itinerario e especificación do número de quilómetros realizados.
- O aparellador municipal e tres enxeñeiros técnicos de obras públicas, en virtude do acordo adoptado pola comisión de goberno o 30 de abril de 1999, perciben 20.000 pesetas mensuais, por poñer a disposición do servicio os seus vehículos particulares para toda clase de visitas a obras e inspeccións no termo municipal, dentro do horario laboral e fóra del sempre que proceda.

Na mostra analizada verificouse a percepción trimestral por estes funcionarios, en concepto de gastos de locomoción, dunha cantidade fixa (60.000 pesetas) xustificación que se efectúa mediante orde do servicio, declaración do funcionario e certificación do cumprimento do servicio asinado polo correspondente concelleiro delegado, sen que figure o detalle de quilómetros e itinerario realizado.

Esta percepción configúrase como unha indemnización a tanto alzado que non se axusta ás disposicións do RD 236/1988.

- En decembro do exercicio 2001 aboáronse 2.697.800 pesetas con cargo á partida 2220 2300101 e 1.307.000 pesetas con cargo a 2220 2310001 en concepto de indemnizacións pagadas a axentes da policía local para resarcir os gastos de manutención e locomoción por realización do curso de formación na Academia Galega de Seguridade durante os meses de outubro e novembro de 1999.

Incúmprese o principio de anualidade orzamentaria previsto no artigo 157 LRFL ó imputarse ó exercicio 2001 cantidades devengadas no ano 1999. Por outra parte, o curso de formación realizado non se pode entender englobado entre os cursos que de acordo co artigo 7 RD 236/1988 poden dar dereito a percepción destas indemnizacións.

4.6. Contratos de asistencia técnica

Solicitouse unha relación de contratos de asistencia técnica e servicios celebrados nos exercicios 2000 e 2001, ós efectos de verificar que os servicios prestados ó Concello de Vigo en réxime de contratación administrativa non eran susceptibles de encadrarse no marco dunha relación laboral. Mostreáronse 14 expedientes, correspondentes ó servicio de vías e obras e ós departamentos de benestar social e patrimonio histórico, verificándose as seguintes incidencias:

Servicio de vixilancia de dependencias culturais –43.416.595 pesetas– (concurso, procedemento aberto) :

- Ausencia no expediente do informe preceptuado polo artigo 202 TRLCAP, xustificando debidamente a insuficiencia de medios, a falta de adecuación ou a conveniencia de non ampliar os medios persoais e materiais con que conta a Administración municipal.
- O contrato administrativo, celebrado o 9 de abril de 2001, establece un prazo de execución dun ano, puidendo prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de tres prórrogas, contravindo o artigo 198.1 TRLCAP, toda vez que as prórrogas non se poden concertar, de forma illada ou conxunta por un prazo superior ó fixado orixinariamente. Pese a terse modificado inicialmente o prego de cláusulas administrativas no extremo indicado, a redacción final do contrato contemplaba a opción das prórrogas mencionadas.

Asistencia técnica para o programa de deporte de persoas maiores 2000-2001 – 5.000.000 pesetas–(concurso, procedemento aberto) :

- Ausencia do preceptivo informe a que se refire o artigo 202 LCAP.
- A memoria que acompaña ó expediente menciona a necesaria continuidade na prestación deste servizo, prestación que se inicia a partir do exercicio 1995, encontrando perfecto encaixe no marco das relacións xurídico-laborais.

Servicio de atención á infancia e á familia- 28.800.000 pesetas-(concurso, procedemento aberto):

- Ausencia do preceptivo informe a que se refire o artigo 202 LCAP.
- O inicio na prestación deste servizo asistencial data do exercicio 1996, resultando adxudicatario do mesmo a mesma empresa que gañou o concurso celebrado no exercicio 2001, subscribíndose un contrato con unha execución inicial que abarca 2 anos prorrogables por igual termo.
- A Intervención municipal devolveu inicialmente o expediente que recollía o prego de cláusulas administrativas, observando a falta de obxectividade nos criterios de adxudicación establecidos. O citado informe indicaba que “se valora así mesmo a experiencia do persoal, cando non se contratan persoas de forma individualizada senón empresas, non sendo valorable a experiencia por ser un criterio de solvencia” así como, en relación ás melloras técnicas a ofertar polos concursantes “non se establece que é o valorable e cal é a base de partida para considerar as melloras”.
- A natureza do servizo prestado, así como a continuidade na prestación do mesmo, o fan susceptible de execución a través de medios persoais propios sometidos á normativa de contratación laboral.

En relación coa mostra de expedientes tramitados polo Departamento de Patrimonio Histórico, detectáronse os seguintes feitos:

Asistencias técnicas para xestión da unidade didáctica “a cultura do pan” (exercicios 2000 e 2001, ascendendo a 1.537.000 pesetas por exercicio). Asistencias técnicas para a xestión da aula etnográfica do mar (exercicios 2000 e 2001, a razón de 1.995.000 cada un dos mesmos). Asistencia técnica para a redacción do plan de coordinación didáctica da rede de equipamentos etnográficos do concello de Vigo (exercicio 2001, 377.000 pesetas):

- Os cinco expedientes fiscalizados son obxecto de adxudicación á mesma persoa física por medio da contratación menor de consultaría e asistencia

técnica. Se ben se tramitou o procedemento de convalidación do gasto a presentación das facturas comprensivas da execución do 50% das dúas primeiras asistencias técnicas no exercicio 2000, aprobándose as mesmas na sesión celebrada pola Comisión de goberno o 25 de setembro de 2000, non consta no expediente reparo ningún a existencia do fraccionamento regulado no artigo 68 TRLCAP. Estes contratos, así celebrados, poderían incorrer nos supostos de nulidade a que se refire o artigo 62 TRLCAP.

- Por outra parte, a asistencia técnica prestada refire á realización, desde exercicios anteriores os fiscalizados, de tarefas de carácter educativo e divulgativo que se encadrarían no marco dunha relación xurídica de tipoloxía laboral.

Contratación menor dos servizos de reparacións e conservación do xardín histórico de Castrelos :

Tramitouse un expediente por importe de 2.000.000 pesetas no exercicio 2000 e dous por idéntica contía e denominación no exercicio 2001. Verificáronse os seguintes extremos:

- Non acompaña ós expedientes o preceptivo informe ó que alude o artigo 202.1 do TRLCAP. Fáise referencia á falta de persoal funcionario para a acometida de ditos traballos, sen que esta simple mención serva ós efectos de cumprimentar o trámite omitido.
- Os contratos non son obxecto de adxudicación expresa, limitándose a autorización, pola concellería delegada de Patrimonio Histórico do “réxime excepcional de contrato menor de servizos”. Non obstante, a práctica totalidade dos mesmos préstase de forma alternativa por dúas empresas, producíndose en tódolos casos un fraccionamento do obxecto contractual de acordo co artigo 68 TRLCAP.
- Resultando estes contratos da insuficiencia ou a necesidade de reforzo dos medios de carácter persoal, estas contratacións deberían terse encadrado no marco das relacións xurídico-laborais.

Idénticas conclusións ás expresadas neste último suposto extráense da fiscalización dos expedientes de contratación menor celebrados, por importes respectivos de 1.500.000 pesetas e 2.000.000 pesetas, nos exercicios 2000 e 2001 co obxecto de mantemento de zonas de interese patrimonial. Os servizos prestados executáronse polas mesmas empresas, unha das cales constituída por quenes, tal e como se manifesta na memoria do expediente, con

anterioridade tiñan realizado os traballos de referencia baixo modalidades de contratación laboral temporal.

4.7. Incidencias tributarias e de seguridade social

Circularizouse á Axencia Tributaria e Tesourería Xeral da Seguridade Social, ós efectos de verificar o cumprimento das obrigas de índole fiscal e social por parte do Concello de Vigo e os seus OO.AA., así como a razoabilidade da imputación orzamentaria e contable daquelas .

A Axencia Tributaria comunicou que con data 14 de marzo de 1997 se dictou acordo de derivación de responsabilidade, declarando ó Concello de Vigo responsable solidario das débedas tributarias de EMAVISA (Empresa Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, S.A.). Finalizada a vía económico-administrativa, con data de 26 de outubro de 2001 interpúxose recurso ante a Audiencia Nacional. Trala desestimación do recurso, o 19 de decembro de 2002, consta a presentación dun recurso de casación ante o Tribunal Supremo, que á data de terminación das actuacións encóntrase pendente de resolución. A Axencia Tributaria non concretou o importe nin a natureza das débedas tributarias esixidas. Non obstante, de acordo coa información facilitada polos responsables municipais a débeda esixida referíase ó concepto do IVE, non correspondendo a ningún epígrafe relativo a retencións do persoal municipal.

A Tesourería Xeral da Seguridade Social comunicou que a 31 de decembro de 2001, a débeda do Concello de Vigo ascendía, polos conceptos de cotizacións e recargos, a 1.537.496 pesetas.

5. CARGOS ELECTOS

5.1. Retribucións

A Corporación constituída tralas eleccións municipais de 13 de xuño de 1999 ten 27 concelleiros.

Mediante acordo plenario de 19 de xullo de 1999, acórdase o desempeño do cargo en réxime de dedicación exclusiva por 8 membros corporativos. Con motivo da aprobación do orzamento para o exercicio 2000 autorízanse cinco dedicacións parciais, asignándose o desempeño con dita dedicación a catro concelleiros en virtude de Decreto de alcaldía de 4 de agosto de 2000.

De conformidade co mencionado acordo, na Base de Execución 35^a do Orzamento do exercicio 2001 concréntanse as retribucións dos membros da corporación con dedicación. O alcalde terá unha retribución íntegra anual igual á maior retribución de funcionario de carreira e ó resto dos concelleiros con dedicación exclusiva e dedicación parcial percibirán o 85% e 55%, respectivamente, da cantidade asignada ó alcalde. O importe das retribucións dos membros corporativos no ano 2001 reflíctese no seguinte cadro:

Cargo			Importe mensual (pesetas)	Nº mensualidades	Importe anual (pesetas)
ALCALDE			801.549	14	11.221.686
CONCELLEIROS EXCLUSIVA	CON	DEDICACIÓN	681.317	14	9.538.438
CONCELLEIROS PARCIAL	CON	DEDICACIÓN	440.852	14	6.171.928

Analizouse o resumo anual de nóminas de ámbolos dous exercicios e contrastouse coas percepcións reflectidas no modelo fiscal 190 e coa cantidade que, de acordo coa liquidación orzamentaria, se imputou ó artigo 10. Como resultado do traballo efectuado pódense efectuar as seguintes consideracións:

- Contrastados os datos do resumo anual de nóminas coas percepcións que figuran no modelo 190 non se detectaron diferencias.
- Nos dous exercicios fiscalizados a cantidade imputada ó artigo 10 coincide co importe das percepcións dos cargos electos .

- Verificouse que o incremento retributivo experimentado no 2001 con respecto ó ano 2000 non superou o límite establecido pola LOXE.

Non consta a publicación no BOP, nin no taboleiro de anuncios da Corporación, das retribucións e réxime de dedicación dos cargos electos nos termos do artigo 75.5 LRBRL, na nova redacción dada pola Lei 14/2000.

5.2. Indemnizacións dos membros corporativos.

As indemnizacións dos membros corporativos regúlanse na Base 36^a de Execución do Orzamento. O importe das asistencias a órganos colexiados para o exercicio 2001 reflíctese no seguinte cadro:

ÓRGANOS COLEXIADOS		IMPORTE / SESIÓN (pesetas)	LÍMITE
Pleno ordinario		60.000	1/mes
Pleno extraordinario		30.000	
Comisión de Goberno	Presidente	50.000	4/mes
	Membro	15.000	
Comisión informativa	Presidente	50.000	
	Membro	15.000	
Xunta de portavoces		15.000	
Consello de Goberno		Sen retribuír	
Outras comisións		Sen retribuír	

A análise das indemnizacións dos membros corporativos efectuouse sobre unha mostra integrada polas asistencias a sesións pagadas ós membros corporativos durante 6 meses do exercicio 2001. Como consecuencia da análise efectuada destacan as seguintes incidencias:

- As asistencias ás sesións das comisións informativas documéntanse mediante certificación do secretario da correspondente comisión. Non obstante, no caso das sesións do pleno e da comisión de goberno a xustificación efectúase mediante unha relación dos concelleiros asistentes asinada polo xefe do servizo de actas, no primeiro caso, e por unha administrativa no segundo. O pago de ditas asistencias debería figurar debidamente documentado mediante certificación expedida polo Secretario da Corporación, ou funcionario que lle substitúa, que acredite a concorrencia efectiva ás sesións destes órganos.

- Detectouse a imputación ó orzamento de 2001 das indemnizacións por asistencias a sesións devengadas no mes de decembro do exercicio anterior. Este feito supón unha vulneración do principio de anualidade previsto no artigo 157.1 LRFL.

Da análise da mostra de indemnizacións pagadas ós cargos electos imputadas ós conceptos 231 (locomoción) e 233 (asistencias a tribunais de selección), non se detectaron incidencias.

5.3. Atencións protocolarias e representativas

Efectuouse unha mostra das ordes de pago contabilizadas na partida orzamentaria 1110 2260100 “ gastos órganos de goberno” correspondente ó exercicio 2001, ós efectos de verificar a correcta imputación dos gastos por razón da súa natureza, a súa razoabilidade de acordo cos principios que deben guiar a actuación da Administración Pública así como a súa adecuada xustificación documental. Revisáronse 26 facturacións que, por un importe global de 24.708.818 pesetas, representaban un 34 % do total da partida orzamentaria analizada, observándose as seguintes incidencias:

- En tres facturacións, por un importe global de 8.678.560 pesetas, procedeuse á convalidación de gastos realizados pola alcaldía sen sometemento ó trámite preceptivo de fiscalización previa por parte da Intervención municipal. Esta convalidación, consistente nun recoñecemento extraxudicial de créditos, efectuouse ó abeiro do procedemento regulado na base 28 das de execución do orzamento que permite, previa aprobación pola Comisión de Goberno, a imputación ó orzamento de gastos efectuados irregularmente.
- Unha das facturas anteriores, cun importe que ascendía a 3.295.560 pesetas polo concepto de *almanagues de 2001 para agasallo de autoridades*, supuxo adicionalmente un incumprimento do principio de anualidade orzamentaria, ó imputar ó exercicio 2001 gastos correspondentes ó exercicio 2000. A finais do exercicio 2001 procedeuse á contratación menor co mesmo provedor, por importe de 1.998.303 pesetas, de *almanagues de 2002 para agasallo de autoridades*, e así mesmo a contratación de *libros, dietarios e outros agasallos do nadal* polo importe global de 1.414.900 pesetas. Estes feitos, constitutivos do fraccionamento regulado no artigo 68 do TRLCAP, non motivaron reparo por parte da Intervención municipal.

- Outra das facturas obxecto de convalidación, relativa á *adquisición de 10 esculturas para galardón da reconquista 2001* por importe de 2.494.000 pesetas, constitúe outro suposto de fraccionamento en relación coa adquisición, en idénticas datas, e por importe de 1.902.400 pesetas de 8 esculturas idénticas ó mesmo provedor.

- En tres facturacións, cun importe que ascendía globalmente a 342.481 pesetas e sendo o seu obxecto a realización de agasallos do nadal á policía municipal, bombeiros e protección civil, incumpriuse o principio de anualidade orzamentaria, resultando a imputación de facturas correspondentes ó exercicio 2000 ós créditos orzamentarios do exercicio 2001.

6. PROCEDIMENTOS SELECTIVOS

6.1 Procedementos de selección ó abeiro das OEP de 2000 e 2001

As Ofertas de Emprego Público correspondentes ós exercicios 2000 e 2001, publicadas nos BOE de 8 de novembro de 2000 e 22 de febreiro de 2002, conteñen un total de 53 e 55 prazas respectivamente. As prazas convocadas reflíctense no seguinte cadro:

Oferta do exercicio 2000		Convocadas		Oferta do exercicio 2001		Convocadas	
Funcionarios	Laboral fixo	Funcionarios	Laboral fixo	Funcionarios	Laboral fixo	Funcionarios	Laboral fixo
46	7	46	7	48	7	48	7

Os procedementos de selección tramitados para a cobertura das prazas incluídas na OEP de 2000 e 2001, réxense polas bases xerais e específicas aprobadas pola Comisión de Goberno o 15 de xaneiro de 2001 e 27 de maio de 2002, respectivamente.

En ámbolos dous exercicios cumpriuse a esixencia de publicación establecida no artigo 6.1 Rd 896/1991. As bases que rexen os procedementos derivados da OEP de 2000 publicáronse no BOP nº 56 de 20 de marzo de 2001 e DOG nº 69, de 6 de abril de 2001 e as relativas á OEP de 2001 no BOP nº 109, de 10 de xuño de 2002 e DOG nº 124 de 28 de xuño de 2002.

Co obxecto de analizar as bases da convocatoria, así como o desenvolvemento do proceso selectivo seleccionouse unha mostra dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público do ano 2000 e 2001 que se reflicten no cadro seguinte:

Descrición da praza	Prazas convocadas	Categoría	Oferta de emprego público
Técnico de prevención de riscos laborais	1	Funcionario	2000
Técnico medio Servicios Económicos	1	Funcionario	2000
Técnico medio de bibliotecas	1	Funcionario	2000
Inspector auxiliar urbanismo	1	Funcionario	2001
Gardas da policía local	30	Funcionario	2000
Axudantes de oficios	3	Persoal laboral	2000
Oficial sepultureiro	1	Persoal laboral	2001

Como consecuencia da análise realizada poden efectuarse as seguintes consideracións:

1. As bases xerais relativas ó persoal funcionario (base X) establecen como sistema de selección, con carácter xeral, o concurso-oposición, salvo que por disposición legal ou regulamentaria se esixa outro sistema. Esta disposición contravén o disposto no artigo 2 do RD 896/1991. Non obstante, en ámbolos dous exercicios, o acceso ás prazas reservadas a persoal funcionario efectuouse, con carácter xeral, a través de oposición libre (no 2000 utilizouse este sistema para cubrir 39 prazas das 46 ofertadas e no 2001, en 38 das 48 ofertadas).
2. Naqueles supostos nos que se optou polo concurso-oposición para a cobertura das prazas, non se xustificaron no expediente as razóns que motivaron a utilización deste sistema que, de conformidade co mencionado artigo, ten carácter excepcional.

6.2 Procedementos de selección de persoal interino.

Solicitáronse os expedientes relativos ó persoal que o longo dos exercicios fiscalizados desempeñaba un posto de traballo municipal, funcional ou laboral, con carácter interino, verificándose as seguintes incidencias:

Técnicos de sistemas

Celébrase un procedemento de selección no mes de maio de 1999, para a contratación laboral temporal (en prácticas) de tres técnicos de sistemas informáticos, polo sistema de concurso-oposición. Na fase de concurso (3 puntos) non se indica a valoración atribuída a cada un dos coñecementos valorados, así como a forma na que se deben acreditar os mesmos. A fase de oposición (7 puntos) consiste nun suposto práctico relacionado coas funcións do posto de traballo concreto a desenvolver.

Só consta a presentación de instancias de 3 candidatos, que como bolseiros da Universidade de Vigo en colaboración co Concello tiñan desenvolto actividades no servizo de informática da corporación desde o 1 de xullo de 1996 ata o 31 de marzo de 1999. Estes tres candidatos, que obtiveron a puntuación máxima do concurso-oposición (10), foron definitivamente seleccionados para a súa contratación por período de 1 ano, prorrogable por outro.

O 15 de marzo de 2001, próxima a data de finalización dos contratos en prácticas que tiñan sido obxecto de prórroga, o Xefe do servizo informático comunica a *urxente necesidade de manter a continuidade laboral destes*

traballadores co concello, mediante unha relación de interinidade en tanto non se cubran regulamentariamente as tres prazas vacantes de Técnico de sistemas incluídas no Orzamento de 2001. Desta forma, a Comisión de Goberno acorda modificar a relación contractual, substituíndoa por unha relación laboral temporal de interinidade ata a cobertura definitiva dos postos en propiedade, tida conta de que, de acordo co informe emitido pola Unidade de Persoal, os técnicos xa foron seleccionados a través do correspondente proceso selectivo, respectando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Desta forma, procédese de forma irregular á cobertura de vacantes funcionariais por medio de persoal laboral, ó tempo que se crean 3 relacións de interinaxe sen que medie procedemento de selección algún, esto é, prescindindo dos principios constitucionais de acceso ó emprego público.

No exercicio 2003, tras a convocatoria das vacantes incluídas na OEP de 2001, os traballadores accederon a condición de funcionarios de carreira

Contratos de interinidade de vixilantes-porteiros para instalacións municipais (1998-2003)

Nunha primeira selección, efectuada no exercicio 1998, selecciónanse 3 candidatos de entre os 9 solicitados ó Servicio Galego de Colocación. Non consta a existencia de bases redactadas para a selección, non consta a realización de probas, designación regulamentaria de tribunal de selección nin os criterios empregados para a mesma, resultando os tres candidatos seleccionados de acordo coa proposta efectuada pola Concellalía Delegada de Educación e nomeados mediante Decreto da Alcaldía por un período que abarca do 20 de outubro ata o 31 de decembro de 1998. A modalidade contractual empregada é a de obra ou servicio determinado, en tanto non se doten orzamentariamente as prazas na plantilla municipal.

No mes de febreiro de 1999 solicítanse 6 novos currículos ó Servicio Galego de Colocación para a cobertura de 2 postos de traballo de vixilancia de centros de ensino público. De forma análoga ó exposto, non constan bases de selección, realización ou valoración de probas nin criterios empregados para a mesma. A selección efectúase por un “tribunal” cunha designación que non figura no expediente.

Os contratos de obra ou servicio celebrados cos traballadores seleccionados (a excepción dun, que cesa) son obxecto de prórrogas sucesivas, ata que no exercicio 2001 procédese a súa conversión en interinidades, a través do acordo

da Comisión de goberno de 2 de abril, efectuado a proposta da Unidade de Persoal.

Estes feitos vulneran os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade que rexen o acceso ó emprego público, tanto no momento inicial do ingreso como no posterior de conversión en interinidades das contratacións irregularmente celebradas, afectándose así a obxectividade e concorrencia na contratación de persoal pola Administración. A finalización destes vínculos contractuais, que encobren necesidades de carácter permanente, condicionábase á creación en plantilla dos correspondentes postos de traballo, feito do que non existe evidencia a data de finalización dos traballos de fiscalización.

No mes de setembro de 2001, celébrase un novo procedemento de selección para a contratación laboral, na modalidade de acumulación de tarefas, para a cobertura das vacantes por xubilación de 2 porteiros vixilantes. Previa confección dunhas bases para a selección, trala realización dunha proba práctica e unha *entrevista psicolóxica*, son contratados 2 candidatos de entre os 10 remitidos polo Servicio Galego de Colocación, por un período inicial de 3 meses prorrogables ata un máximo de 6. Iniciada a execución dos contratos o 4 de outubro de 2001, son obxecto de prórroga o 4 de xaneiro de 2002, e finalmente (abril de 2002) de conversión en interinidades, recoñecéndose novamente a improcedencia da modalidade contractual empregada. Trátase dun procedemento de contratación viciado na súa orixe, por canto se utiliza a contratación temporal, en modalidade inadecuada e limitándose a concorrencia, para a cobertura de necesidades de carácter permanente que non son obxecto de oferta de emprego público e convocatoria regulamentarias.

Selección de dous asistentes sociais en réxime laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado)

De acordo coa acta subscrita con data de 18 de xaneiro de 1999, reúnese unha Comisión de Selección, para o nomeamento, previa solicitude ó Servicio Galego de Colocación, INEM e Colexio Oficial de Asistentes sociais, de 2 asistentes sociais. Non consta a publicación das bases do procedemento, criterios e baremos valorados para a selección. Trala realización dunha proba escrita que é obxecto de lectura ante a Comisión valorativa, propoñense dúas candidatas para a execución dun contrato laboral por acumulación de tarefas producidas na Unidade de Benestar Social.

Trala contratación por un período inicial de 6 meses, e toda vez que a modalidade de acumulación de tarefas impedía a súa prórroga (a súa duración

non pode exceder de 6 meses cada ano), procédese a reconversión dos contratos na modalidade de obra ou servizo determinado, contratándose por un novo período de 6 meses, e prorrogando o mesmo mediante sendos Decretos da Alcaldía por dous anos. En xaneiro de 2002, propoñíase novamente a renovación das dúas profesionais, ignorándose a execución da mesma, por canto non obraba documentación no expediente.

Con carácter recorrente, e mediante un procedemento de selección irregular, procédese a cobertura de necesidades permanentes mediante modalidades de contratación temporais, que son obxecto de reconversión, sen que medie procedemento de selección con arreglo os principios constitucionais de acceso ó emprego público.

Contratación de telefonista-recepcionista para o Cedro (Unidade Asistencial de Drogodependencias)

Declárase ter efectuado a selección dunha candidata, no mes de abril de 1997, entre as tres remesadas polo INEM. O Director do Cedro comunica a Unidade de Persoal a *persoa máis adecuada ó perfil e polo tanto seleccionada para o posto*, sen que conste a aprobación de bases, baremación ou valoración algunha de méritos. É nomeada por medio de Decreto da Alcaldía, alcanzando o contrato inicial e as prórrogas o período de tres anos. É proposta para a súa continuidade no posto de traballo como interina, descoñecendo se se produciu o seu nomeamento toda vez que non se acompañaba máis documentación no expediente administrativo.

7. CONCLUSIONES

1. Instrumentos de ordenación do persoal:

- A publicación da plantilla e relación de postos de traballo efectuouse con posterioridade á do resumo do orzamento, incumpríndose a obriga de publicación conxunta esixida polo artigo 127 TRRL.
- A aprobación e publicación no BOE da OEP de ámbolos dous exercicios realizouse incumprindo o prazo establecido no artigo 128 TRRL.
- Na oferta de emprego público dos exercicios fiscalizados non se incluíron 4 prazas que se atopaban ocupadas por funcionarios interinos, incumpríndose o disposto no artigo 246.3 LALG.
- O Concello non dispón dun estudio dos postos de traballo existentes na plantilla que permita valorar de forma obxectiva as retribucións complementarias asignadas a cada posto.
- O acordo regulador e convenio colectivo do persoal municipal aprobáronse polo trámite de urxencia, sen que mediase informe xurídico e sen sometemento ó trámite preceptivo de fiscalización previa. Conteñen disposicións que poderían contravir o ordenamento xurídico.

2. Sistemas de acceso á función pública local:

- O acceso ás prazas reservadas a persoal funcionario, nos exercicios fiscalizados, efectuouse con carácter xeral a través de oposición libre. Naqueles supostos nos que se acudiu ó concurso-oposición non se xustificaron no expediente as razóns que motivaron a utilización deste sistema que, de conformidade co artigo 2 RD 896/1991, ten carácter excepcional.
- Nos procedementos tramitados para a selección de persoal temporal incumpríronse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade que rexen o acceso ó emprego público. Verificouse a inadecuada utilización da modalidade contractual de obra ou servizo determinado, acordándose, tras sucesivas prórrogas, a súa conversión na figura contractual de interinidade, sen que mediase procedemento de selección algún.

3. Réxime retributivo do persoal ó servicio da Corporación:

- As pagas extraordinarias exceden o importe permitido polo artigo 23 da LMRFP e LOXE.
- Detectouse a percepción de conceptos retributivos (anticipo de valoración de postos de traballo) non previstos no artigo 23 LMRFP, contravindo o disposto nos artigos 1 RD 861/1986 e 153 TRRL.
- A regulación sobre anticipos reintegrables así como a concesión dos mesmos contravén o disposto no Real Decreto Lei 2608/1929, de 16 de decembro, normativa estatal vixente nesta materia.
- Detectouse o aboamento a persoal ó servicio da Corporación de indemnizacións por razón de servicio que non se axustan ás disposicións do Rd 236/1988.
- Retribúense a través do complemento de produtividade determinadas condicións particulares dalgúns postos de traballo, tales como a toxicidade, que de acordo co RD 861/1986 se deberían retribuír a través do complemento específico.
- As gratificacións por servicios extraordinarios non se axustan á configuración legal deste concepto retributivo. Percíbense por determinados servicios con carácter fixo e periódico incumpríndose o artigo 6.3 Rd 861/1986. Non se respecta o carácter excepcional que a este concepto retributivo lle atribúen as sucesivas LOXE.
- Detectouse a percepción dun anticipo a conta da valoración de postos de traballo, de acordo co establecido no Convenio Colectivo, valoración que finalmente non se produciu e que permitiu a consolidación dese dereito económico no complemento específico establecido para o exercicio 2002. Esta actuación repútase incurso en suposto de nulidade de pleno dereito, sen prexuízo das responsabilidades a que houbese lugar.
- En relación co Fondo Social, non se facilitou a documentación correspondente á concesión da totalidade das axudas. Excedéronse de forma irregular as cantidades aprobadas inicialmente para cada liña de axuda sen que existira motivación no expediente de concesión. Destínanse axudas do fondo adicional extraordinario para a cobertura de axudas de carácter ordinario. De acordo co informe emitido pola Intervención en

relación coas axudas de carácter extraordinario, non se acreditan nin xustifican as finalidades dos gastos que son obxecto de axuda.

Aínda constituíndo rendas do traballo, non se suxeitan a tributación polo IRPF as axudas concedidas por estudos do traballador, o que podería orixinar continxencias de carácter fiscal. Estas rendas ascenderon a 16.629.300 e 17.988.000 pesetas, respectivamente nos exercicios 2000 e 2001.

- Incúmprense os límites fixados polas LOXE ó efectuarse por parte do Concello aportacións ó Plan de Pensións para os empregados municipais.
- Vulnéranse as disposicións adicionais 3ª e 4ª da Lei 11/1960 ó establecer, para determinados traballadores municipais, un complemento de pensións destinado a incrementar o importe das percibidas con cargo a Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Detectouse a percepción de gratificacións por funcionarios municipais pola realización habitual de funcións acumuladas nos OOAA e con cargo ós orzamentos dos mesmos, o que infrinxe o artigo 1.2 da Lei 53/84, de Incompatibilidades do persoal ó servicio das Administracións Públicas. Verificouse a percepción de dietas de manutención por funcionarios que desenvolvían as citadas tarefas de asesoramento, carecendo o seu devengo de amparo legal

4. Análise dos cargos electos e persoal ó servicio da Corporación:

Altos cargos: Non consta a publicación no BOP das retribucións e réxime de dedicación dos cargos electos nos termos do artigo 75.5 LRBRL, na nova redacción dada pola Lei 14/2000.

Persoal eventual:

- Detectáronse varios supostos no que o comezo na prestación dos servicios é anterior ó previo e preceptivo outorgamento do nomeamento, o que revela debilidades no control interno.
- Non se documentan expedientes individuais para esta tipoloxía de persoal.
- Non se da adecuado cumprimento ó réxime de publicidade do nomeamento e retribucións e dedicación preceptuado no artigo 104.3 LRBRL

Persoal laboral e funcionario: Os expedientes obxecto de fiscalización atopábanse notoriamente incompletos, recolléndose de forma parcial a información relativa a trienios devengados, baixas e adscricións ós postos de traballo. Tida conta da antigüidade dalgúns dos expedientes seleccionados, nas relacións administrativas ou laborais previas a adquisición da condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo prescindíuse da realización de procedementos de selección que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Empregouse o mecanismo de adscrición ós diferentes postos de traballo, incluso de superior categoría, en prexuízo da celebración do procedemento de concurso ou outros que garantan a necesaria concorrencia e obxectividade na promoción dos traballadores públicos.

Contratos de asistencia técnica: Detectouse a existencia de múltiples fraccionamentos no obxecto da contratación de expedientes que, carecendo do preceptivo informe de insuficiencia e/ou inadecuación de medios (artigo 202 TRLCAP), debéranse ter encadrado no marco de relacións xurídicas de carácter laboral.

5. Incumprimentos de carácter orzamentario:

- Non se respecta a clasificación económica de gastos establecida na Orde de 20 de setembro de 1989. Impútanse ó artigo 15 créditos destinados ó pago de incentivos do persoal laboral, ó concepto 121 (retribucións complementarias de funcionarios) as cantidades percibidas, tanto por persoal funcionario como laboral, en concepto de anticipo de valoración de postos de traballo. Así mesmo, as cantidades destinadas ó pago de produtividade e gratificacións impútanse indistintamente os conceptos 150 e 151.
- Os créditos iniciais destinados ó complemento específico do persoal funcionario superan o límite establecido no artigo 7.2 a) RD 861/1986.
- Vulnérase o principio de anualidade orzamentaria (art. 157.1 LRFL) ó imputar indemnizacións de persoal e de cargos electos, así como incentivos ó persoal en exercicio posterior ó do seu devengo.

8. RECOMENDACIÓNS

En función das incidencias detectadas, o Concello de Vigo deberá considerar as seguintes recomendacións:

- Observar a lexislación vixente en canto a aprobación e publicación dos instrumentos de ordenación de persoal, respectando os prazos establecidos no TRRL.
- Adecuar o contido dos acordos reguladores do persoal ó ordenamento xurídico vixente.
- Proceder a inclusión na oferta de emprego público daqueles postos de traballo ocupados por persoal interino tramitando os oportunos procedementos selectivos para a súa cobertura de conformidade coa normativa aplicable.
- Efectuar a selección do persoal temporal mediante convocatoria pública, respectando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como o de publicidade.
- Xustificar de forma motivada a opción polo sistema de concurso-oposición para a selección do persoal funcionario.
- Deberá axustar o réxime retributivo do persoal á legalidade vixente, atendendo en particular o seguinte: adecuar o importe das pagas extraordinarias ó disposto na LOXE; limitar o aboamento de incentivos ó rendemento, retribuindo a través do complemento de produtividade aquelas circunstancias expresadas no artigo 5 do Rd 861/1986, respectando así mesmo o carácter excepcional das gratificacións por servicios extraordinarios. Así mesmo, adecuar á legalidade as percepcións devengadas polos funcionarios municipais con cargo ós orzamentos dos Organismos Autónomos.
- A tramitación dos expedientes de concesión dos anticipos reintegrables adecuarase a normativa estatal aplicable.
- Deberase poñer a disposición da Intervención Xeral todos e cada un dos antecedentes e xustificantes do gasto relativo as axudas incluídas no Fondo de Acción Social. Así mesmo, estas deberanse configurar de acordo coa súa natureza, determinando con precisión os supostos que acotan o devengo das axudas de carácter extraordinario. Someteranse a tributación

polo IRPF aquelas que non cumpran os requisitos de exención ou non suxeición.

- Publicar o réxime de dedicación dos cargos electos de conformidade co disposto no artigo 75.5 LRBRL.
- En canto ó persoal eventual débese dar cumprimento ó réxime de publicación dos nomeamentos e retribucións preceptuado polo artigo 104.3 LRBRL. Así mesmo débese procurar a apertura de expedientes individuais para esta clase de persoal, debidamente integrados por tódalas contingencias relativas ó nomeamento, cese, dereitos económicos, réxime de seguridade social, etc, mellorando os mecanismos do control interno establecidos pola Intervención.
- En relación coas asistencias técnicas o Concello deberá analizar, previa determinación das necesidades de carácter permanente en relación cos servizos que lle son obxecto de prestación, a conveniencia da súa realización por medio de persoal propio, adoptando, no seu caso, os trámites oportunos para a súa selección. En todo caso haberá de modificar a práctica consistente no fraccionamento do obxecto do contrato, adoptándose pola Intervención as medidas que resulten precisas.
- Respetar a clasificación económica de gastos establecida na Orde de 20 de setembro de 1989, así como os límites previstos no artigo 7 do Rd 861/1986.

ANEXO

Estado de gastos

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao execución	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O .R. %
1. Gastos persoal	7.412.713.491	374.499.228	7.787.212.719	7.083.178.317	91%	7.083.178.317	7.075.538.432	99,8 %
2. Gastos bens e servizos	9.286.469.387	1.648.774.349	10.935.243.736	9.338.502.323	85%	9.338.229.723	6.374.870.054	68%
3. Gastos financeiros	1.583.345.897	-123.000.000	1.460.345.897	1.216.760.967	83%	1.216.760.967	1.189.722.267	98%
4. Transferencias correntes	2.045.396.393	164.715.853	2.210.112.246	2.019.327.625	91%	2.018.332.625	1.766.499.253	87%
6. Investimentos reais	1.799.532.536	4.174.913.951	5.974.446.487	3.184.743.089	53%	3.182.387.709	2.719.984.082	85%
7. Transferencias de capital	222.210.324	161.784.222	383.994.546	288.816.291	75%	288.816.291	235.635.070	82%
8. Activos financeiros	120.500.000	4.809.862	125.309.862	97.300.000	78%	96.000.000	88.950.000	91%
9. Pasivos financeiros	2.509.792.655	0	2.509.792.655	2.471.034.103	98%	2.471.034.103	2.026.467.970	82%
Total	24.979.960.683	6.406.497.465	31.386.458.148	25.699.662.715	82%	25.694.739.735	1.477.667.128	84%

Estado de ingresos

Capítulo	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grado execución	Recadación	Grado recadación	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	11.190.180.400	0	11.190.180.400	11.454.740.789	102%	9.803.215.042	86%	1.651.525.747
2. Impostos indirectos	700.000.200	0	700.000.200	757.997.290	108%	695.777.066	92%	62.220.224
3. Taxas e outros ingresos	3.374.700.800	262.932.384	3.637.633.184	3.886.938.046	107%	3.270.785.838	84%	616.152.208
4. Transferencias correntes	7.246.935.223	479.946.026	7.726.881.249	7.507.654.775	97%	6.882.840.869	92%	624.813.906
5. Ingresos patrimoniais	351.001.200	0	351.001.200	334.190.401	95%	330.978.556	99%	3.211.845
6. Alleamento de investimentos reais	0	43.103.448	43.103.448	47.310.173	110%	47.310.173	100%	0
7. Transferencias de capital	17.142.860	1.013.362.900	1.030.505.760	1.025.577.189	99,5%	36.066.534	4%	989.510.655
8. Activos financeiros	100.000.000	4.607.152.707	4.707.152.707	95.112.503	2%	20.793.772	22%	74.318.731
9. Pasivos financeiros	2.000.000.000	0	2.000.000.000	1.883.707.678	94%	409.962.068	22%	1.473.745.610
Total	24.979.960.683	6.406.497.465	31.386.458.148	26.993.228.844	86%	21.497.729.918	80%	5.495.498.926



DATA 27/05/2004
REFERENCIA Expte. 40.015.010/0
ASUNTO Alegacións ó informe de fiscalización do Consello de Contas

CONCELLO DE VIGO
REGISTRO DE SAÍDA
Nº 6079
Data 27/05/2004

CONSELLO DE CONTAS
Rúa Ramón Piñeiro, 29
15071 SANTIAGO DE COMPOSTELA

De conformidade co prazo sinalado ó efecto, achéganse, alegacións ó anteproxecto de informe de fiscalización dese Consello de Contas, referido ós exercicios 2000-2001.



O XEFE DA UNIDADE DE PERSOAL,

Manuel A. Córdoba Ardao
Manuel A. Córdoba Ardao



Concello de Vigo

ALEGACIÓNS Ó INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.


Concedido o oportuno trámite de alegacións ó Anteproxecto de informe de fiscalización dese Consello de Contas, referido ós exercicios 2000 – 2001, e dentro do prazo sinalado a tales efectos, esta Alcaldía Presidencia, no exercicio da representación institucional que ostenta emite as seguintes

ALEGACIÓNS :

Con carácter xeral, evidenciase que a maioría das disfuncións observadas no antedito Anteproxecto de informe , ou cando menos, as mais significativas , poñen o seu énfase na aplicación de determinados preceptos recollidos no vixente Acordo regulador das condicións económico e sociais do persoal funcionario do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, chegando a cuestionarse incluso no informe a propia legalidade de determinados preceptos .

Consecuentemente , e partindo da natureza normativa do acordo invocado, de carácter firme e executivo, e non habendo sentenza xudicial anulatoria daquel, entendemos que resultaría improcedente por parte desta administración municipal aproveitar este trámite de alegacións para iniciar un estéril debate xurídico en defensa da legalidade da norma cuestionada, máxime cando resulta constatable que non foi obxecto de fiscalización xurídica e orzamentaria algunha, se ben tomamos razón das recomendacións que, razoadamente, se incorporan ó Anteproxecto de informe , e que obviamente serán tidas en conta en orde ós futuros acordos que se susciten no ámbito das negociacións político sindicais .

Nembargantes o exposto, si entendemos procedente trasladar certas reflexións puntuais con relación a algunhas das conclusións deducidas no Anteproxecto, logo que, tal e coma resultan analizadas entendemos que merecerían ser obxecto dunha aclaración técnica por parte desta Administración, en estricta defensa dos seus intereses institucionais, aclaracións que, aínda cando obvie dicilo, serán desenvoltas no máis rigoroso respecto ás labores de fiscalización realizadas polo equipo auditor.





Concello de Vigo


Así, e nunha primeira orde de consideracións, creemos intuír un certo grao de xeneralización realizada nalgunhas das conclusións finais do informe, e que traería causa de extrapolar situacións concretas e claramente circunstanciais a valoracións globais da xestión, o que puidera suxerir que a práctica habitual de funcionamento desta Administración se sustenta en disfuncións que pola contra terían un carácter meramente excepcional, cando obviamente non é así, especialmente se tivesemos como referencia comparativa non só a xestión conxunta dos exercicios auditados senón a dos inmediatos posteriores.

Dito isto, e dunha simple lectura das recomendacións finais, podería inferirse, ou cando menos sospeitarse, que nesta Administración non se convocan habitualmente as prazas ocupadas de xeito interino, ou incluso que a súa convocatoria se demora en aras a unha provisionalidade sine die.

Esta posible interpretación - que a redacción do anteproxecto de informe en certo modo facilita - sería claramente inxusta coa xestión administrativa desta Institución. Tódalas prazas interinas analizadas nos exercicios auditados convocáronse para ser cubertas en propiedade ou ben na oferta de emprego do respectivo exercicio ou na dos anos inmediatamente seguintes, o que evidencia, un estricto rigor no tratamento desta modalidade de desempeño provisorio de funcións públicas, máxime se efectuamos unha análise comparativa coa utilización que noutras administracións públicas se está a facer dos interinaxes, mantendo durante anos - como pública e notoriamente e sabido - a diversos colectivos funcionariais nunha situación de permanente provisionalidade.

Igualmente semellaría entenderse das conclusións finais, que selección de persoal laboral temporal que esta Administración realiza non é habitualmente respectuosa cos principios de igualdade, mérito, capacidade ou publicidade, cando sucede todo o contrario. A recomendación realizada se sustenta unicamente a partires dunha análise, meramente interpretativo, do proceso seguido en dúas ou tres situacións concretas que non poden resultar extrapolables, en modo algún, á xestión ordinaria desta Administración municipal.

Tódolos procesos de selección de persoal laboral temporal desta Administración - do que ningunha mención se fai o reducido, por non dicir nimio volume de contratación en relación coa globalidade da plantilla municipal - realízanse a traveso de convocatoria pública no BOP ou ben, cando circunstancias de urxencia así o demandan, a traveso dunha oferta xenérica de candidatos requirida dos Servicios públicos de colocación. Poderá discutirse en que termos ou con que garantías deberá instrumentalizarse este último mecanismo de selección, pero o que resulta indubidable é que é perfectamente axustado á legalidade acudir ós servicios públicos de emprego para seleccionar traballadores vinculados por unha relación laboral temporal, non habendo norma legal que imposibilite tal procedemento.





Concello de Vigo

E mais, si no propio ámbito da Administración do Estado se permite expresamente a selección de funcionarios interinos a traveso dos **servicios públicos de emprego (Orden 1461/2002, de 6 de xuño, do Ministerio das Administracións Públicas)**, con maior motivo a selección de persoal laboral temporal poderá instrumentarse por medio deste mecanismo.

Non podemos obviar, a este respecto, que o procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, o non lle resultar de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente a cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/ 84 de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública), os que deberán incluírse nas respectivas ofertas de emprego público

De feito, a **lei 56/03 de 16 de decembro, de emprego**, configura ós **Servicios autonómicos de emprego** coma **servicios públicos gratuitos** que terán coma funcións prioritarias axudar ós **traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos**, todo elo a traveso dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego. Nin que dicir ten que tódolos proxectos de fomento de emprego subvencionados ás entidades locais pola Administración autonómica (**escolas taller, obradoiros ...**) estipulan nas súas bases que a selección se realizará, precisamente, por medio do **servicio galego de colocación**.

Pretender concluír, pois, que se leva a cabo un quebrantamento dos principios rectores que rexen a selección de persoal laboral temporal pola utilización deste procedemento (que por certo, reduciuse a situacións presididas pola urxencia e circunstancialidade), entendemos que pode ser unha apreciación excesiva

Nesta liña expositiva - e partindo en calquera caso do máximo respecto ás reflexións técnicas esgrimidas polo equipo auditor -, non podemos compartir o discurso argumental introducido no anteproxecto de informe no que se cuestiona o simple cambio de modalidade de determinados contratos laborais temporais, operado durante a plena vixencia dos mesmos e substituíndoos por outra modalidade laboral, tamén temporal, que tiña precisamente por único obxecto evitar un fraude no réxime xurídico da contratación así coma un innecesario pronunciamento xudicial declarativo dunha relación laboral indefinida, todo elo baixo o pretendido argumento de que o cambio no modelo do contrato (a pesares de que a selección dos traballadores xa fora oportunamente feita) tiña que someterse a un novo proceso de selección.





Concello de Vigo

As necesidades coxunturais que inicialmente resultan demandadas polas distintas administracións públicas para proceder á contratación laboral temporal baixo as súas distintas modalidades, poden acabar converténdose en necesidades permanentes, sen que ningún tipo de torva intencionalidade presida esta transformación. Deste xeito, determinadas contratacións laborais que naceron cun marcado carácter circunstancial para atender necesidades circunstanciais ou servicios concretos, acadaron por ter unha vocación de continuidade por mor do propio volume de traballo dos servicios. (Non resulta difícil comprender, e a título de exemplo, que a meirande parte das contratacións laborais temporais realizadas polas distintas administracións municipais para iniciar a prestación de determinados servicios, por exemplo, en materia de asistencia social, comezan mediante aportacións autonómicas que sufragan ditas contratacións temporais, a traveso dos oportunos convenios de cooperación, ata o momento en que a propia entidade local empeza a ser consciente de que se están a prestar servicios permanentes ós cidadáns por medio de figuras de contratación claramente inaxeitadas, optando por crear ditos postos en plantilla e asumindo plenamente os custos da contratación)


Pois ben, os supostos que serven de base no anteproxecto de informe para concluí-la súa recomendación final de respecta-los principios rectores de selección, traen causa dunhas regularizacións puntuais no obxecto dos contratos existentes (obra e servicio ou prácticas) , dándolles a natureza - igualmente temporal - , que verdadeiramente lles correspondía, isto e, a dun contrato laboral de interinidad, que remataron cando así se incluíron as prazas nas seguintes ofertas de emprego público, como facilmente resulta comprobable.

Esta adecuación no cambio contractual nin resulta unha práctica habitual (como efectivamente se puido ilustrar por esta Administración mediante a posta a disposición de tódolos procedementos de selección dos exercicios auditados e dos posteriores) nin creemos que debe constituír unha referencia substancial para motivar unha recomendación xenérica.

Entrando xa noutra orde de consideracións, e en relación coa análise feita sobre a execución do estado do orzamento de ingresos, cumpre facer unha matización que obedece basicamente a unha cuestión conceptual.

O Remanente de Tesourería positivo constituíe un recurso para o financiamento de modificacións de créditos do exercicio seguinte (Regra 354 da ICAL).

No estudio do grao de execución cóllense os dereitos recoñecidos netos, dividíndose polo importe das previsións definitivas.






Concello de Vigo

No importe destas últimas están incluídos o importe correspondente a modificación orzamentaria de incorporación de remanentes financiadas con Remanente de Tesourería positivo (Concepto 87002), concepto este que non pode ser obxecto de recoñecemento de dereitos, xa que estes xa foron recoñecidos, sendo precisamente o Remanente de Tesourería positivo a desviación entre os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, cos axustes que establece pertinente dos saldos de dubidoso cobro e de ingresos pendentes de aplicación máis os fondos líquidos en relación cas obrigas pendentes de pago, así como os saldos de carácter non orzamentario. En consecuencia co anterior, e tendo en conta que o saldo do citado concepto e por un importe de 4.607.152.707 pesetas, procede deducir das previsións definitivas o citado importe, quedando esta magnitude a efectos da análise do ratio do grado de execución con un importe de 26.779.305.441 pesetas, sendo o ratio de execución dun 100,8 por 100 e non dun 86 por 100.

En relación coas prestacións de servizos e asistencias técnicas, débese ter en conta en primeiro lugar a capacidade autoorganizativa e a propia autonomía da que gozan constitucionalmente as entidades locais. Pero a posibilidade de xestionar as prestacións con persoal propio tal como se fai constar na RECOMENDACIÓN 11 resulta cando menos difícil de cumprir, xa que dende o ano 1996 (recomendación do FMI o goberno da nación) en relación cos gastos do persoal o servizo das Administracións Públicas, as respectivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, limitan a oferta de emprego ó 25 por 100 da taxa de reposición de efectivos ata o ano 2003, o cal viu a xustificar con carácter xeral a perda de peso do Capítulo I do estado de gastos do orzamento e a tendencia de acudir á prestación de servizos mediante a contratación externa, entendendo por iso que a recomendación non é executable en cumprimento do ordenamento xurídico vixente no citado ano.

No caso da recomendación feita as medidas que deberá adoptar a Intervención Xeral para evitar o fraccionamento mediante a tramitación de contratos menores, fanse a seguintes consideracións: As Bases de Execución dos Orzamentos regulan a tramitación dos devanditos contratos, debendo cumprir unha serie de requisitos no só de contía, senón tódolos que se refiren os apartados a), b), c), d), do art. 11.2 do TRLCAP, así mesmo se regula o período máximo de duración, non se permite a prorroga, e a pesares do previsto na regulación contida no art. 200 da LRFL (no están sometidos a fiscalización previa), hoxe art. 219 do TRLRFL, se someten a un control previo antes da adopción do acordo polo órgano competente, facendo as comprobacións correspondentes que se establecen na devandita Base de Execución.





Concello de Vigo

Entendemos que non se pode considerar un fraccionamento de contrato, aquel que non ten unha conexión temporal, que se executa en anos distintos, que o seu importe é inferior ao previsto no art. 201 da LCAP, que non tiña en ningún caso unha vocación de estabilidade e que ademais, o devandito servizo sería obxecto dun procedemento aberto por concurso con posterioridade. Así mesmo, tamén se deberá ter en conta a xeneralidade na redacción do art. 68 do TRLCAP, xa que o gasto que representan os citados expedientes fanse para o ano natural e abarcan a totalidade do contrato, entendendo o órgano interventor que non concorriron as circunstancias legais que deran lugar a un previsible fraccionamento.


Con respecto o apartado 4. PERSOAL Ó SERVICIO DA ENTIDADE LOCAL, epígrafe 4.4.e) incidencias en OO.AA., hai que alegar o seguinte:

A administración municipal xestiona por si mesma institutos, escolas, hospitais, zoos,... nun afán de xustificar unha maior eficacia, o través de entes diferenciados, OO.AA. u empresas públicas entre outros, como diferentes modos de xestión de servizos públicos dentro dunha mesma administración.

O Concello de Vigo xestiona por si mesmo un Instituto Municipal de Deportes (IMD), un Parque das Ciencias Vigo- Zoo, unha Escola Municipal de Artes e Oficios e unha Xerencia Municipal de Urbanismo. É a mesma administración, Concello de Vigo, xestionando o través de OO.AA. , que subsisten mediante transferencias do propio Concello, como modos de xestión directa de servizos públicos en réxime de dereito público.

Os OO.AA. do Concello de Vigo non son entes locais, son entes instrumentais, simples entes técnicos con unha personalidade atenuada ou limitada ou diminuída, tanto na súa autonomía de xestión, como na autonomía patrimonial. O único ente local é o Concello de Vigo.

Seguindo a Lliset Borrell y López Pellicer (Reglamento Servicios CC.LL. Consultor Ayuntamiento.2002, páx. 315) hai que convir en que os primeiros, os entes locais, obedecen a unha existencia dun centro sociolóxico de intereses locais que aparece claramente nos entes territoriais. Pero nos entes instrumentais non existe un centro de intereses distinto do ente local que os creou e que, en unha ou outra forma, os controla. Como diría Garrido Falla (La descentralización administrativa. 1967, páx. 71) trátase de puros artificios técnicos, con unha incidencia xurídica indubidábel, pero que non rompe o cordón umbilical co seu orixe administrativo.





Concello de Vigo

En función da súa capacidade de autoorganización o Concello de Vigo establece unha forma de compensar a acumulación ou delegación ou encomenda de funcións que representan un traballo real plus, non un novo posto de traballo, que non está valorado e incluído no complemento específico do posto de traballo, e o fai o través de Bases de Execución, que da publicidade co Orzamento, e de acordos puntuais dos órganos rectores dos OO.AA.

Por outro lado son os propios funcionarios municipais os que exercen as funcións, non hai novos postos, non hai contrato, non hai segundo nin terceiro posto de traballo, son funcións públicas do Concello de Vigo exercidas por funcionarios públicos dentro da súa mesma administración e, o noso entender non é de aplicación o artigo 1.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro (LIFP), nin esta norma está pensada nin dictada, na nosa opinión, para supostos desta natureza tan habituais, por outra banda, alomenos no ámbito local.

Con respecto á incidencia detectada no OO.AA. IMD, de achegas de manutención con carácter adicional a gratificación, hai que informar que no ano 2004 é inexistente por haberse eliminado a súa percepción en exercicios anteriores.

Por último, entendemos obrigado facer unha escueta risiña á desviación porcentual dos límites establecidos no artigo 7 do RD 861/86, de 25 de abril ; certamente, evidénciase un desaxuste porcentual que opera fundamentalmente en detrimento dos importes globais que deberían seren destinados á partida de productividades, desviación que non trae causa dos exercicios auditados senón de outros precedentes no tempo. Tal desaxuste obedece ós progresivos incrementos de efectivos dos últimos anos, de tal xeito que a creación de novas prazas con postos base obriga, en cumprimento do disposto no artigo 66 da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia, a configura-las retribucións complementarias (complementos específico e de destino) en iguais condicións que os postos xa existentes. Nembargantes, a partida de productividades vense configurando unicamente dende fai anos co mesmo montante global, actualizado cos incrementos porcentuais previstos nas sucesivas leis de presupostos do Estado, resultando claramente insuficiente ó día de hoxe para atende-los compromisos derivados dunha plantilla coma a actual. Consecuentemente, esta disfunción porcentual quedaría inmediatamente corrixida cunha implementación da partida de productividades, que entendemos podería ser asumida en calquera momento habida conta que as distintas leis de presupostos veñen establecemento que os incrementos anuais retributivos deben facerse, sempre, en termos de homoxeneidade de efectivos e sen prexuízo das adecuacións retributivas necesarias para adecua-los créditos á consecución de determinados obxectivos o programas.





Concello de Vigo

Obviamente, entendemos que resultaría descartable, por arbitraria e inxusta, calquera outra iniciativa dirixida a cadra-los límites porcentuais do artigo 7 do RD 861/86 a costa de reducir ou suprimi-las retribucións complementarias (destino e específico) de todos ou dunha maioría de postos de traballo desta Administración.


Como última aclaración ó Anteproxecto, merece salientarse que nesta Administración si houbo unha valoración de postos no ano 1986, plenamente implantada e que serviu para configura-lo establecemento das retribucións complementarias da totalidade dos postos daquel momento. A configuración das retribucións dos postos de nova creación, partindo das retribucións configuradas para postos similares, realizouse con amparo no artigo 66 da Lei da función Pública de Galicia, onde se preceptúa que os postos de traballo que esixan o mesmo nivel de titulación e grao de dificultade terán os mesmos complementos retributivos. Ademais, existe un documento de valoración realizado pola Consultora DEMOS, no ano 1997, complementado cun estudio posterior realizado por un equipo técnico municipal, no ano 2002, así coma unha guía de funcións dos postos de traballo dese mesmo ano, documentos dos que se aconsellou a súa inaplicación para evitar unha conculcación da Lei de presupostos. Consecuentemente, entendemos que debería suprimirse do Anteproxecto calquera mención relativa á ausencia de estudos de valoración da plantilla nesta Administración.

Confiando en que sexan atendidas as presentes alegacións, resta por manifestar a nosa enteira cooperación institucional para calquera aclaración complementaria.

MCA/

Vigo, a 24 de maio de 2004.

A Alcaldesa,



Corina Porro Martínez .

RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO DE VIGO

En cumprimento do disposto no artigo 58 do Regulamento do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas foron remitidas ó Alcalde do Concello de Vigo (Pontevedra) o 7 de maio de 2004 (RS nº 210), concedéndolle un prazo ata o 31 de maio de 2004 para que presentara as alegacións, documentación e xustificantes que estimara oportunos.

O 31 de maio de 2004 (RE nº 572) presentáronse as alegacións que se achegan ó presente informe. En relación ó contido e con independencia das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran na réplica, é necesario sinalar con carácter xeral o seguinte:

- a) Se como consecuencia das alegacións se modificara total ou parcialmente o contido do informe, esta modificación sinalarase en nota a pé de páxina.
- b) Agás en casos concretos que así o requiran, o Consello de Contas non valorará as alegacións que:
 - Confirman deficiencias ou irregularidades sinaladas no anteproxecto de informe.
 - Ofrecen criterios ou opinións sen soporte documental ou normativo.
 - Non rebaten o contido do anteproxecto de informe, proporcionando tan só explicacións ou xustificacións da actividade municipal.

1. Alegacións estimadas: Ningunha

2. Alegacións non estimadas pero valoradas

a) Selección de persoal laboral temporal

Tódolos procesos de selección de persoal laboral temporal desta Administración (...) realízanse a traveso de convocatoria pública no BOP ou ben, cando circunstancias de urxencia así o demandan, a traveso dunha oferta xenérica de candidatos requirida dos Servicios públicos de colocación. Poderá discutirse en que termos ou con que garantías debe instrumentalizarse este último mecanismo de selección, pero o que resulta indubidable e que e perfectamente axustado á legalidade acudir ós servicios públicos de emprego para seleccionar traballadores vinculados por unha relación laboral temporal, non habendo norma legal que imposibilite tal procedemento.

*E mais, si no propio ámbito da Administración do Estado se permite expresamente a selección de funcionarios interinos a traveso dos servicios públicos de emprego (**Orde 1461/2002, do 6 de xuño, do Ministerio das Administracións Públicas**), con maior motivo a selección de persoal laboral temporal poderá instrumentarse por medio deste mecanismo.*

Non podemos obviar, a este respecto, que o procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, o non lle resultar de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente a cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84 de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública), os que deberán incluírse nas respectivas ofertas de emprego público.

*De feito, a **lei 56/03 do 16 de decembro, de emprego**, configura ós Servicios autonómicos de emprego coma servicios públicos gratuitos que terán coma funcións*

prioritarias axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a traveso dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego. (...)

Certamente, a característica do procedemento de selección para o persoal laboral temporal é a ausencia de normativa específica que regule o seu procedemento de selección. Non resultando pois, de aplicación os artigos 28 ó 33 do RD 364/1995 (provisión de postos de persoal laboral fixo), menos aínda o é a lexislación alegada á fiscalización dos exercicios 2000 e 2001, tanto por razón de materia (a Orde 1461/2002 refírese ó persoal funcionario interino; a lei 56/2003 refírese ó Sistema Nacional de Emprego, política e instrumentos de emprego, sen entrar a regular a provisión de postos temporais nas Administracións Públicas) como por razón do ámbito temporal (as normas alegadas publícanse nos exercicios 2002 e 2003).

O artigo 103 LRBR establece a obrigatoriedade de garantir o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, na selección de persoal laboral (indistintamente, fixo e temporal) polas entidades locais. Pese á preferencia do Alto Tribunal pola publicidade en diarios oficiais (STS do 26/9/1986, AR. 5984 e 5986, entre outras), o recurso ós servizos públicos de emprego ós efectos de obtención de candidatos podería servir ós efectos de cumprimento do principio de publicidade, mais aínda se non se restrinxe, limitando a concorrencia, o número de candidatos preseleccionados, tal e como se evidencia no anteproxecto de informe. Non obstante o anterior, as infraccións postas de manifesto no anteproxecto non se refíren á utilización dos servizos públicos de emprego, senon ó incumprimento, unha vez que os candidatos son remitidos por estes servizos, dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

b) Cambio de modalidade de determinados contratos laborais temporais

Nesta liña expositiva –e partindo en calquera caso do máximo respecto ás reflexións técnicas esgrimidas polo equipo auditor-, non podemos compartir o discurso argumental introducido no anteproxecto de informe no que se cuestiona o simple cambio de modalidade de determinados contratos laborais temporais, operado

durante a plena vixencia dos mesmos e substituíndoos por outra modalidade laboral, tamén temporal, que tiña precisamente por único obxecto evitar un fraude no réxime xurídico da contratación así coma un innecesario pronunciamento xudicial declarativo dunha relación laboral indefinida, todo elo baixo o pretendido argumento de que o cambio no modelo do contrato (a pesares de que a selección dos traballadores xa fora oportunamente feita) tiña que someterse a un novo proceso de selección.

As necesidades coxunturais que inicialmente resultan demandadas polas distintas administracións públicas para proceder á contratación laboral temporal baixo as súas distintas modalidades, poden acabar converténdose en necesidades permanentes, sen que ningún tipo de torva intencionalidade presida esta transformación. Deste xeito, determinadas contratacións laborais que naceron cun marcado carácter circunstancial para atender necesidades circunstanciais ou servicios concretos, acadaron por ter unha vocación de continuidade por mor do propio volume de traballo dos servicios.

Non se estima a alegación efectuada, posto que:

- As referidas contratacións non se refiren a necesidades coxunturais, tal e como evidencia a convocatoria definitiva de vacantes nalgún caso (Técnicos de Sistemas, que prestando servizos dende o exercicio 1996 e existindo un informe de 2001 sobre a urxente necesidade de manter a continuidade laboral dos traballadores, non se proveen con carácter definitivo ata 2003), así como a prolongación na realización de servizos cuxa competencia radica no ente local (vixilantes-porteiros de instalacións municipais, cuxa prestación se inicia en 1998 sen que deixara de subsistir na actualidade). Trátase, pola contra, da cobertura duns postos de traballo que, ofertados irregularmente con carácter temporal, responden a necesidades permanentes.
- O fraude de lei prodúcese ó ofertar e subscribir inicialmente unha modalidade contractual (contrato de obra e servizo determinado, cuxo obxecto, de acordo co artigo 15 ET, é a realización de unha obra ou servizo determinados con autonomía e substantividade propia dentro da actividade da empresa e cuxa execución, aínda que limitada no tempo,

sexa de principio de execución incerta) que non se axusta á legalidade, polo que o cambio na modalidade temporal non opera, como se di, para evitar o fraude, senon que precisamente confirma a realización do mesmo. Así mesmo, tal e como se recolle no anteproxecto de informe, xeneralízase a utilización do mecanismo consistente en efectuar prórrogas sucesivas a unhas contratacións inicialmente viciadas para proceder posteriormente a súa conversión en interinidades. Como exemplo do anterior, tras producirse no exercicio 2001 a conversión en interinos dos vixilantes-porteiros contratados inicialmente en 1998 e 1999, procédese a contratar no mes de outubro do mesmo exercicio a dous novos traballadores na modalidade de acumulación de tarefas, para recoñecer seis meses despois a improcedencia da mesma e convertelos en laborais interinos.

O Concello debería proceder á creación dos citados postos na plantilla municipal para a súa inclusión na oferta de emprego público e a súa provisión nos termos regulamentarios. Desta forma, e de concorrer motivos xustificadas de urxencia, podería terse promovido, instando a realización do oportuno procedemento de selección, a cobertura interina dos postos.

c) Execución do Orzamento de ingresos

No estudio do grao de execución cóllense os dereitos recoñecidos netos, dividíndose polo importe das previsións definitivas.

No importe destas últimas están incluídos o importe correspondente á modificación orzamentaria de incorporación de remanentes financiadas con Remanente de Tesourería positivo (concepto 87002), concepto este que non pode ser obxecto de recoñecemento de dereitos, xa que estes xa foron recoñecidos,(...) En consecuencia co anterior, e tendo en conta que o saldo do citado concepto é por un importe de 4.607.152.707 pesetas, procede deducir das previsións definitivas o citado importe, quedando esta magnitude a efectos da análise do ratio do grao de execución con un importe de 26.779.305.441 pesetas, sendo o ratio de execución dun 100,8 por 100 e non dun 86 por 100.

Os datos que se conteñen no Anexo do Estado de Gastos e Ingresos son transcripción dos que figuran na liquidación do Orzamento do exercicio 2001, sen que se teña sometido a fiscalización os importes que figuran naquela. En particular, non se procedeu á verificación das cantidades computables como dereitos recoñecidos, nin á adecuada cuantificación da cifra de Remanente de

Tesourería que incrementou as previsións definitivas do capítulo 8 de ingresos. Obviamente, a utilización total ou parcial do remanente de tesourería, elevaría o grao de execución do gasto orzamentario

d) Asistencias técnicas

En relación coas prestacións de servicios e asistencias técnicas, débese ter en conta en primeiro lugar a capacidade autoorganizativa e a propia autonomía da que gozan constitucionalmente as entidades locais. Pero a posibilidade de xestionar as prestacións con persoal propio tal como se fai constar na RECOMENDACIÓN 11 resulta cando menos difícil de cumprir, xa que dende o ano 1996 (recomendación do FMI o goberno da nación) en relación cos gastos do persoal ó servicio das Administracións Públicas, as respectivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, limitan a oferta de emprego ó 25 por 100 da taxa de reposición de efectivos ata o ano 2003, o cal viu a xustificar con carácter xeral a perda de peso do Capítulo I do estado de gastos do orzamento e a tendencia de acudir á prestación de servicios mediante a contratación externa, entendendo por iso que a recomendación non é executable en cumprimento do ordenamento xurídico vixente do citado ano.

A autonomía e capacidade autoorganizativa constitucionalmente atribuídas ás entidades locais débese conxugar, en todo caso, co estricto cumprimento da normativa vixente. Neste sentido, o requisito esixido polo artigo 202.1 do TRLCAP e o artigo 142.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais en virtude do cal *non poderán ser contratados servizos personais cando atenderan a necesidades permanentes, en cuxo caso deberá crearse a oportuna praza de funcionario e provela regulamentariamente*, subliñan a excepcionalidade da contratación administrativa en materia de función pública.

En relación ca taxa de reposición vixente en cada exercicio orzamentario, corresponde ós responsables municipais establecer as prioridades na creación de novos postos ou na reposición dos amortizados.

e) Incidencias en Organismos Autónomos

(...)

Os OO.AA do Concello de Vigo non son entes locais, son entes instrumentais, simples entes técnicos con unha personalidade atenuada ou limitada ou diminuída, tanto na súa autonomía de xestión, como na autonomía patrimonial. O único ente local é o Concello de Vigo.

(...)

En función da súa capacidade de autoorganización o Concello de Vigo establece unha forma de compensar a acumulación ou delegación ou encomenda de funcións que representan un traballo real plus, non un novo posto de traballo, que non está valorado e incluído no complemento específico do posto de traballo, e o fai o través de Bases de execución, que da publicidade co Orzamento, e de acordos puntuais dos órganos rectores dos OO.AA.

Por outro lado son os propios funcionarios municipais os que exercen as funcións, non hai novos postos, non hai contrato, non hai segundo nin terceiro posto de traballo, son funcións públicas do Concello de Vigo exercidas por funcionarios públicos dentro da súa mesma administración e, o noso entender no é de aplicación o artigo 1.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro (LIFP), nin esta norma está pensada nin dictada, na nosa opinión, para supostos desta natureza tan habituais, por outra banda, alomenos no ámbito local.

O artigo 2.1 c) da LIP inclúe de xeito expreso ó persoal ó servizo das Corporacións Locais e dos Organismos delas dependentes no ámbito de aplicación da Lei de Incompatibilidades. No segundo parágrafo dos puntos 1 e 2 do artigo 1 do mesmo texto legal contéñense as definicións de actividade no sector público (a desenvolvida polo restante persoal de tódalas Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes) e remuneración (calquer dereito de contido económico derivado, directa ou indirectamente, dunha prestación de servizo persoal, sexa a súa contía fixa ou variable e o seu devengo periódico ou ocasional).

Verificándose todo o anterior nos supostos fiscalizados, mantense o exposto no anteproxecto do Informe.

f) Non se valoran as alegacións restantes.